

ACTA

Expediente núm.:	Órgano Colexiado:
PLN/2020/10	O Pleno

DATOS DE DESENVOLVEMENTO DA SESIÓN

Tipo Convocatoria	Ordinaria
Data	29 de outubro de 2020
Duración	Desde as 20:32 ata as 22:47 horas
Lugar	Salón de Plenos
Presidida por	María Dolores Castiñeira Alén
Secretaria	Berta Alonso Soto

ASISTENCIA Á SESIÓN

Nome e Apelidos	Asiste
Alejandro Rodríguez Canosa	SÍ
Ana Cristina Pérez Cabaleiro	SÍ
Joaquín Núñez Troncoso	SÍ
Lucía Pereira González	SÍ
María Dolores Castiñeira Alén	SÍ
Miguel González González	SÍ
Noelia Pérez Domínguez	SÍ
Primitivo González Souto	SÍ
Rubén González Coto	SÍ
Santiago Rodríguez Davila	SÍ
Verónica Tourón Domínguez	SÍ

Ángela Ledo Souto	SÍ
Ángela Valcárcel Bernárdez	SÍ

Unha vez verificada pola secretaria a válida constitución do órgano, a presidenta abre a sesión, polo que se procede á deliberación sobre os asuntos incluídos na orde do día

A) PARTE RESOLUTIVA

Aprobación da acta da sesión anterior

Conforme ao preceptuado no artigo 91 do Real Decreto 2568/1986, polo que se aproba o regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais (ROF, en adiante), a Señora presidenta pregunta se algún membro do Pleno desexa formular algunha observación á acta da sesión nº 2020-8, ordinaria de 27 de agosto enviada a todos os membros da Corporación de acordo co art. 113.1.b) ROF.

Sra. Tourón Domínguez: Boa tarde a todos e todas, páxina 50 onde di "(...)Non vou a entrar no xogo continuo de salarios, de porcentaxes, é moi guay dicir que subimos o porcentaxe do IVE (...)" non é IVE senón IBI.

Sra. Pérez Cabaleiro: Unha apreciación, no anterior pleno na intervención de Álex dixo que faltei a verdade e visto que non o vai a corrixir, sinalar que o que dixen eu no anterior pleno está na acta co cal ti non vas a corrixir, e dicir que eu non estaba faltando a verdade.

Sra. Alcaldesa: Iso é unha apreciación, non é unha corrección á acta.

VOTACIÓN: Non existindo máis observacións a acta, pola Sra. Alcaldesa sométese a votación a aprobación da acta da sesión nº 2020/8 ordinaria de 27 de agosto; sendo aprobada por UNANIMIDADE dos trece membros presentes nesta sesión.

Aprobación do expediente de contratación da prestación do servizo de axuda no fogar (SAF).

Favorable

Tipo de votación:
Unanimidade/Asentimento

Sra. Ledo Souto: Boas noites a todos e a todas, este expediente é o expediente de contratación de axuda no fogar na modalidade de dependencia e libre concurrencia do Concello de Salceda de Caselasst. Ee contrato ascende a 1.964.000€ e con unha

estimación coa prórroga e as posibles modificacións que podan xurdir a 2.895.000€. Ten unha periodicidade de tres anos a licitación e un máis de prórroga. O expediente consta da proposta de contratación, a resolución de inicio, informe de intervención, informe de non división de lotes, memoria xustificada, pregos de prescricións técnicas, pregos de cláusulas administrativas, informe de secretaria e informe de fiscalización previa, o informe de intervención é bastante extenso e explica todas as cláusulas, vén explicitado todo que é favorable, e o informe de secretaria o mesmo, di que cumpre a lei e que consta de todos os documentos preceptivos. Polo tipo de contrato que é, tamén establece a Lei que ten que ser publicado no momento que sexa aprobado no Diario Oficial da Unión Europea.

Agradecer o traballo do departamento de servizos sociais porque nos botou unha man para preparar os pregos xa que son coñecedores de como é o servizo, agradecer o traballo e o esforzo para chegar hoxe a pleno con este expediente. É un servizo que no momento da valoración en agosto do ano pasado atendía no noso Concello a 65 persoas e que contaba aproximadamente dunhas 30.000 horas e que pasará a ampliarse con este contrato, se o necesitamos, ata as 35.000 horas. É un servizo que permite aos nosos maiores permanecer nos seus domicilios, non ter que ir a residencias ou desprazarse dos seus domicilios e tamén que facilita a conciliación xa que moitos destes maiores son coidados por fillas e demais.

Sra. Pérez Domínguez: Boas tardes noites a todos e todas, alegrámonos que se fagan este tipo de procedementos abertos aínda que nos gustaría que se fixeran antes, como xa falamos nas comisións levamos dende febreiro de 2019 incumprindo a lei de contratos. Dixeches que as traballadoras sociais os botaron unha man pero é certo que a memoria e os pregos están elaborados por unha empresa externa privada e que nos custou 5.200€, gustaríanos que ese traballo fose elaborado polas traballadoras sociais que nos consta que así o fixeron no 2019 e así aforrábanse eses 5.200€, porque se facemos un reconto deses 5.200€ que tería que poñer o Concello, que é un 16% aproximadamente, daríanos un total de 1.700 horas a máis, entón si o fixeran as traballadoras sociais, que están máis que capacitadas para facelo, aforraríamos iso. Facer mención que en decembro de 2019 aprobamos o Plan de Igualdade e nin no prego nin na memoria aparece nada que concrete de algunha maneira ese Plan. Está aprobado o Plan de Igualdade para que entre en valor en xuño de 2020, estamos xa case a novembro. Creemos que é un servizo que temos que facer. Estamos de acordo así que votaremos a favor.

Sr. Rodríguez Canosa: Boas noites a todos, esta é a licitación do SAF que como podeades ver no orzamento anual son máis de 650.000 € o que é unha parte moi importante do orzamento de Salceda. Creo que debe ser un dos servizos no que máis inviste o Concello de Salceda. Todos sabedes que o servizo de axuda no fogar está recollido na Lei de Dependencia, a Xunta de Galicia paga unha parte e o Concello de Salceda e os usuarios e usuarias pagan outra. Unha reflexión sería que estaría ben se a Xunta puidera pagar un pouco máis para que puidésemos dotar de máis horas aos usuarios e usuarias e mellorar o servizo. Como dixo antes a miña compañeira Gela, é

un contrato que xa estivo licitado con anterioridade, que dende o ano 2018 está prorrogado e agora sácase de novo a licitación.

Sra. Ledo Souto: Respecto a que se fixo cunha empresa á min paréceme que os 5.200€, 4300€ sen IVE é o 1,5% do valor estimado do contrato, a documentación técnica para un contrato deste nivel e desta embergadura non é fácil, nós quixemos garantir, porque se é certo que en moitos Concellos próximos botáronse a baixo moitas licitacións por recursos e por solicitudes doutras empresas, o que queríamos era garantir que os pregos saísen o máis pechados posible e o mellor elaborados posible e por iso botamos man dunha empresa. Eu perfectamente me fío do que fai o departamento de servizos sociais, utilizouse o seu traballo como base porque tamén é certo que os pregos que tiñamos anteriormente estaban adaptados ao momento no que se habían aprobados os anteriores, había cousas que actualizar e que mellorar, para mellorar o servizo tamén e despois que nos parecía unha garantía tanto para os usuarios como para os traballadores, para o Concello e para a empresa, o motivo foi ese, non é que non valorásemos o traballo da traballadoras sociais, simplemente o importe deste contrato supón unha porcentaxe moi alta para as arcas do concello e que ten suficiente importancia como para facer a licitación en condicións e con todas as garantías.

Sra. Pérez Domínguez: Contestarlle a Álex que dixeches que a ver se a Xunta aumentaba horas, non es coñecedor pero aumentou as horas en xaneiro, sabemos que están aquí estancandas porque dixestes vos que non se deran.

En canto ao que me refería do 16%, é o que o concello aporta no servizo do SAF de aí viña as 1.700 horas. De todas formas estades dicindo que quixestes garantir que a memoria económica e o prego estiveran mellor, eu non dubidaría en ningún momento das traballadoras sociais que temos e cóstanos que o fixeron porque nolo dixeron, que fixeron o prego e fixeron a memoria e que agora mesmo non se sabe o que fixestes con el, polo que dixestes vos tomástelo un pouquiño de base pero o traballo está feito, eu penso que eses 5.200€ podíámolos aforrar, dalos no mesmo servizo en si.

Sr. Rodríguez Canosa: Eu referíame a que a Xunta aumentara o prezo que paga por hora, xa dixen que o prezo está dividido entre a Xunta, o Concello e os usuarios e usuarias. Non é unha petición formal, pero si nos gustaría que a Xunta pagara un pouco máis porque a Xunta neste novo contrato a aportación que fai é a mesma e sabes que aportación da Xunta por hora son 9,70€ e vai seguir sendo a mesma, nos imos aumentar a aportación con este novo contrato e o prezo da Xunta vai ser o mesmo. En canto ao que dixeches que a Xunta en xaneiro entregou horas, si, a Xunta de repente entrega 1.700 horas pero é que no Concello de Salceda 1700 horas son 8.000 ou 9.000 € máis ao mes aos que temos que facer fronte, no Concello de Salceda sempre se colleron esas horas, sempre se apostou polo servizo de axuda no fogar menos evidentemente en situación nas que non se pode. Se a Xunta chas



entrega por sorpresa sen previo aviso e non é que chas entregue gratis, o Concello ten que aportar a súa parte.

Sra. Alcaldesa: Os datos de setembro de 2020 son os datos de dependencia, sabedes que de libre concorrència é o mínimo, o gordo está en dependencia, o prezo do Concello, cando falo do prezo do concello é o prezo do concello máis o que asumen os usuarios que en moitas ocasións depende da renda e o concello aporta o 100%, o prezo do Concello é de 14,30€ o prezo da Xunta é de 9,70€. As horas executadas e falo de setembro de 2020 son 2.378, das que 252 son de libre concorrència, os usuarios son 45 de dependencia e 14 de libre concorrència. A factura de setembro foi de 34.234€ e o pago da Xunta de setembro foi de 23.122€. A proposta do novo contrato, o prezo do Concello pasa de 14,30 a 18,71 euros, mentres que a Xunta segue mantendo o seu importe 9,70€. As horas previstas aumentan de 2.378 a 2.666 e como ben dixo Gela, o importe do orzamento é para tres anos e o orzamento total é de 2.895.894€, a Xunta é quen establece as horas que lle corresponde a Salceda, e Salceda ten a obriga de cubrilas, a Xunta entrega novas horas ao Concello sen previo aviso e sen ter en conta que o Concello ten que aportar ese diñeiro e polo tanto ten que telo previsto. Normalmente nós chamámoslle regalos envelenados porque chegan ademais cara a finais de ano, setembro, outubro, co cal os Concellos vense na tesitura de aceptar ou rexeitalos porque precisamente non temos unha previsión orzamentaria. Creo que a Xunta debería ter máis en conta estas consideracións que estou facendo. Urxe, o que dicía o compañeiro Álex, que a Xunta revise o prezo da hora do SAF, os Concellos non podemos seguir asumindo eses gastos derivados da dependencia da Xunta dunha lei da Xunta. Falamos dun colectivo moi vulnerable e máis neste tempo, non poden quedar sen atender, pero evidentemente as arcas do Concello non poden seguir afrontando este custe, un custe que supón 15,05% do orzamento municipal. Con este novo contrato o que fai o Concello, este goberno, é un esforzo monumental, pero sabemos que o coidado dos nosos maiores é prioritario.

Eses son os datos, nós o que pedimos é un esforzo por parte da Xunta para que incremente o prezo desa hora. Este contrato tamén resolve precisamente un servizo que agora mesmo se está dando con un prezo moi baixo, somos todos coñecedores e coñecedoras os que estamos aquí non? Se o prezo se vai actualizando no mercado digo eu que a Xunta tamén debería ir actualizando o seu prezo, precisamente para que as empresas que teñen ese servizo outorgado poidan asumir con calidade ese servizo e que os traballadores e traballadoras de esas empresas tamén teñan unha retribución máis digna. Nós o que pedimos dende o Concello é que esta carga que supón para nós asumir todas esas horas sexa compensada con un aumento no prezo da hora por parte da Xunta.

Sra. Pérez Domínguez: A Lei de dependencia é estatal e se tedes que cubrir esas horas, eses gastos, estouvos dicindo que se non contratades unha empresa privada son 5.200€ máis que se poden meter.

Sra. Alcaldesa. Como demagogia está moi ben, é ademais o defendeu moi ben antes Gela, é suficientemente importe un contrato que alcanza o 15,05% do orzamento municipal polo que require un estudio exhaustivo apoiado en todo momento por polo departamento de servizos sociais. Paso a ler a proposta seguinte:

“Visto que se está a tramitar o expediente de contratación do servizo de axuda no fogar na modalidade de dependencia e libre concorrência no Concello de Salceda de Caselas.

Características do contrato:

<i>Contrato do servizo de axuda no fogar</i>			
<i>Procedemento: Aberto</i>		<i>Tramitación: Ordinaria</i>	<i>Tipo de contrato: Servizo</i>
<i>Clasificación CPV:</i> - 85300000-2 - 85312000-9. - 98513310-8	<i>Acepta renovación:</i> Non	<i>Revisión de prezos / fórmula:</i> Non	<i>Acepta variantes:</i> Non
<i>Orzamento base de licitación:</i> 1.888.626,69 euros		<i>Impostos:</i> 75.545,07euros	<i>Total:</i> 1.964.171,76 euros
<i>Valor estimado do contrato (sen IVE): 2.895.894,26 €</i>			
<i>Data de inicio execución:</i> 01.01.2021	<i>Data fin execución:</i> 31.12.2023	<i>Duración execución:</i> 3 anos	<i>Duración máxima:</i> 4 anos (3 + 1 de prórroga)
<i>Garantía provisional:</i> Non		<i>Garantía definitiva:</i> Non	<i>Garantía complementaria:</i> Non

Á vista do expediente de contratación tramitado:

<i>Documento</i>	<i>Data</i>
<i>Proposta de contratación da Concelleira de Benestar Social</i>	<i>7.01.2020</i>
<i>Resolución núm. 2020-0131 de inicio de expediente</i>	<i>05.02.2020</i>
<i>Informe de Intervención núm. 2020-0109 dos recursos ordinarios do orzamento</i>	<i>21.07.2020</i>
<i>Informe de non división en lotes</i>	<i>06.08.2020</i>
<i>Memoria xustificativa do contrato</i>	<i>09.08.2020/ 19.10.2020</i>
<i>Prego prescricións técnicas</i>	
<i>Prego de cláusulas administrativas</i>	

<i>Informe de Secretaría núm. 2020-0034</i>	<i>19.10.2020</i>
<i>Informe de fiscalización previa núm. 2020-0169</i>	<i>20.10.2020</i>

Examinada a documentación que a acompaña e de conformidade co establecido na Disposición Adicional Segunda da Lei 9/2017 de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014, propoño ao Pleno a adopción do seguinte

ACORDO

PRIMEIRO. Aprobar o expediente de contratación, mediante procedemento aberto con varios criterios de adjudicación, tramitación ordinaria, suxeito a regulación harmonizada, para a prestación do servizo de axuda no fogar (SAF) por un período de tres anos máis un de posible prórroga, convocando a súa licitación.

Nos termos establecidos no artigo 117 da LCSP, a aprobación do expediente implica a dun gasto de 1.964.171,76 € de orzamento base de licitación, dos que 1.888.626,69 € corresponden á base do prezo do contrato e os restantes 75.545,07€ ao IVE (4%). Non obstante o anterior, o presente contrato queda sometido á condición suspensiva de existencia de crédito axeitado e suficiente para financiar as obrigas que del se deriven no orzamento de gastos para o exercicio 2021 e seguintes.

SEGUNDO. Aprobar os Pregos de Cláusulas Administrativas Particulares e de Prescricións Técnicas que rexerán o contrato.

TERCEIRO. Publicar o anuncio de licitación no perfil de contratante co contido contemplado no anexo III da Lei 9/2017 de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público.

CUARTO. Publicar o anuncio de licitación no «Diario Oficial da Unión Europea», deixando constancia no expediente da data de envío do anuncio de licitación.

QUINTO. Publicar no perfil de contratante toda a documentación integrante do expediente de contratación, en particular o prego de cláusulas administrativas particulares e o de prescricións técnicas.

SEXTO. Designar aos membros da mesa de contratación e publicar a súa composición no perfil de contratante:

- a) Presidente titular: M^a Dolores Castiñeira Alen, Alcaldesa-Presidenta .
Presidenta suplente: Verónica Tourón Domínguez, 1^a Tenente de Alcaldesa.*

b) Vogal Titular 1º: Berta Alonso Soto, funcionaria con habilitación de carácter nacional responsable da Secretaría Xeral Municipal.

Suplente do vogal titular 1º: Funcionario/a ao/á que corresponda a súa substitución accidental.

c) Vogal Titular 2º: Mª Ester Táboas Vázquez, funcionaria responsable da Intervención Municipal

Suplente do vogal titular 2º: Funcionario/a ao/á que corresponda a súa substitución accidental.

d) Vogal Titular 3º: Mª Pilar Soutelo Viñas, traballadora social do Concello.

Suplente do vogal titular 2º: Cristina Díez Domínguez, traballadora social do Concello.

e) Secretaria titular: Ana María Pérez Rodríguez, funcionaria dependente do departamento de Secretaría, auxiliar administrativa.

Suplente da Secretaria titular: Emilio Núñez Troncoso, funcionario dependente do departamento de Secretaría, subescala administrativa.”

VOTACIÓN: Sometida a votación a proposta, esta resulta aprobada por UNANIMIDADE dos trece membros presentes a este sesión, adoptándose o seguinte acordo:

PRIMEIRO. Aprobar o expediente de contratación, mediante procedemento aberto con varios criterios de adjudicación, tramitación ordinaria, suxeito a regulación harmonizada, para a prestación do servizo de axuda no fogar (SAF) por un período de tres anos máis un de posible prórroga, convocando a súa licitación.

Nos termos establecidos no artigo 117 da LCSP, a aprobación do expediente implica a dun gasto de 1.964.171,76 € de orzamento base de licitación, dos que 1.888.626,69 € corresponden á base do prezo do contrato e os restantes 75.545,07€ ao IVE (4%). Non obstante o anterior, o presente contrato queda sometido á condición suspensiva de existencia de crédito axeitado e suficiente para financiar as obrigas que del se deriven no orzamento de gastos para o exercicio 2021 e seguintes.

SEGUNDO. Aprobar os Pregos de Cláusulas Administrativas Particulares e de Prescricións Técnicas que rexerán o contrato.

TERCEIRO. Publicar o anuncio de licitación no perfil de contratante co contido contemplado no anexo III da Lei 9/2017 de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público.

CUARTO. Publicar o anuncio de licitación no «Diario Oficial da Unión Europea», deixando constancia no expediente da data de envío do anuncio de licitación.

QUINTO. Publicar no perfil de contratante toda a documentación integrante do expediente de contratación, en particular o prego de cláusulas administrativas particulares e o de prescricións técnicas.

SEXTO. Designar aos membros da mesa de contratación e publicar a súa composición no perfil de contratante:

- a) **Presidente titular:** M^a Dolores Castiñeira Alen, Alcaldesa-Presidenta .
Presidenta suplente: Verónica Tourón Domínguez, 1^a Tenente de Alcaldesa.
- b) **Vogal Titular 1^o:** Berta Alonso Soto, funcionaria con habilitación de carácter nacional responsable da Secretaría Xeral Municipal.
Suplente do vogal titular 1^o: Funcionario/a ao/á que corresponda a súa substitución accidental.
- c) **Vogal Titular 2^o:** M^a Ester Táboas Vázquez, funcionaria responsable da Intervención Municipal
Suplente do vogal titular 2^o: Funcionario/a ao/á que corresponda a súa substitución accidental.
- d) **Vogal Titular 3^o:** M^a Pilar Soutelo Viñas, traballadora social do Concello.
Suplente do vogal titular 2^o: Cristina Díez Domínguez, traballadora social do Concello.
- e) **Secretaria titular:** Ana María Pérez Rodríguez, funcionaria dependente do departamento de Secretaría, auxiliar administrativa.
Suplente da Secretaria titular: Emilio Núñez Troncoso, funcionario dependente do departamento de Secretaría, subescala administrativa.

Expediente 772/2020. Aprobación definitiva da Ordenanza municipal reguladora da instalación de terrazas en espazos de uso público

Favorable

Tipo de votación: Ordinaria
A favor: 7, En contra: 0,
Abstencións: 6, Ausentes: 0

Sra. Tourón Domínguez: Traemos hoxe a contestación ás alegacións para a aprobación definitiva da Ordenanza municipal reguladora de instalación de terrazas en espazos de uso público. A aprobación inicial foi no pleno ordinario do 27 de agosto deste ano, unha vez publicado no Boletín Oficial da Provincial o día 7 de setembro deste ano abríase un prazo de 30 días hábiles para presentación de alegacións e agora tráense para resolver e traer a aprobación definitiva.

As alegación presentadas en tempo en forma foron a de José Manuel Piñeiro Domínguez, que a presentou con data 18 de setembro e a do Grupo Municipal do Partido Popular, que se presentou en data 20 de outubro, o acordo que traemos a aquí e o seguinte dou lectura:

O Pleno do Concello, en sesión ordinaria celebrada o día 27.08.2020 acordou aprobar inicialmente a Ordenanza municipal reguladora da instalación de terrazas en espazos de uso público do Concello de Salceda de Caselas. Transcorrido o período de información pública de 30 días hábiles tras a publicación do preceptivo anuncio no BOPPO núm. 172 de 07.09.2020 procede neste intre a resolución das alegacións presentadas e a aprobación definitiva da Ordenanza para a súa posterior publicación e entrada en vigor.

Vistas a alegación presentadas en tempo e forma por:

- José Manuel Piñeiro Domínguez, en data 18.09.2020, con núm. de rexistro 2020-E-RC-3751.
- Grupo Municipal do Partido Popular, en data 20.10.2020, con núm. De rexistro 2020-E-RE-1356.

Visto que se advertiu a necesidade de facer algunhas matizacións ao texto dalgúns artigos da Ordenanza para mellorar a súa redacción así como para reflectir as peticións realizadas polo sector hostaleiro nas reunións públicas celebradas cos seus membros.

Por todo o exposto, PROPOÑO ao pleno a adopción do seguinte

ACORDO:

PRIMEIRO: Introducir as seguintes modificacións solicitadas polo sector hostaleiro nas reunións públicas celebradas con eles, ao texto da Ordenanza municipal reguladora da instalación de terrazas en espazos de uso público aprobada inicialmente:

- Artigo 8.1: ampliación do período de 1 de xuño ao 30 de setembro de forma que se estableza tal período do 1 de maio ao 31 de outubro. Engadir así mesmo na relación de festas contemplada no último párrafo a festa dos callos, tal e como xa se falara na sesión plenaria de 27.08.2020, de forma que o artigo 8.1 quedaría redactado da seguinte forma:

“1.- O horario de funcionamento das terrazas será o seguinte:

- a) O horario de inicio: será o que corresponda coa licenza de actividade do establecemento.



- b) O horario de peche será, con carácter xeral, de luns a xoves ata ás 23:00 horas e de venres a domingo e vésperas de festivo ata ás 00:00 horas. Excepcionalmente, no período comprendido entre o 1 de maio ao 31 de outubro de cada ano o horario de peche será de luns a xoves ata ás 00:00 horas e de venres a domingo e vésperas de festivos ata á 01:00 horas.

Cando se celebren as festas do Cristo, festa dos callos, o Entroido, o Nadal ou días especialmente sinalados, os horarios de peche ampliaranse unha hora. Asemade, O Concello, previa solicitude do interesado/a, poderá ampliar a licenza de número de mesas para os días de festas locais [festas do Cristo, dos callos, Entroido e Nadal] ou días especialmente sinalados a través de bando municipal.

- Disposición Transitoria: Modificar o prazo de 12 meses establecido para a adaptación a nova normativa establecendo un prazo de 24 meses, que quedará redactada da seguinte forma:

“Disposición transitoria.

As terrazas que se encontren instaladas e autorizadas no momento da entrada en vigor da presente ordenanza terán un prazo de 24 meses para adaptarse a nova normativa.”

SEGUNDO: Estimar parcialmente as alegacións presentadas por José Manuel Piñeiro Domínguez, en data 18.09.2020, nos seguintes termos:

- Modificar a redacción do artigo 14.2 de forma que onde di “2.- (...) poderanse autorizar en beirarrúas de 2,30 metros de anchura mínima (...)” diga “2.- (...) poderanse autorizar en beirarrúas de 2,25 metros de anchura mínima (...)”.

Proponse eliminar á referencia á anchura mínima de 2,30 metros que establece o artigo 14.2, quedando coa seguinte redacción:

“2.- O ancho mínimo das beirarrúas sobre as que se permite a instalación de terrazas será de 2,50 metros, medidos desde a aliñación oficial á cara exterior do beirado da beirarrúa. Excepcionalmente, e atendendo á intensidade do tránsito peonil da vía, poderanse autorizar en beirarrúas de menos anchura, terrazas formadas unicamente por elementos de dimensións reducidas, tales como mesas altas, mesas altas con dous tallos etc., dispostos en sentido lonxitudinal. En todo caso, debe quedar garantido o cumprimento do itinerario peonil mínimo libre de 1,80 m.”

- Modificar a redacción do artigo 17.7 de forma que onde di “7.- *Fóra do horario de funcionamento das terrazas, a vía pública debe quedar libre de elementos da terraza e en condicións de limpeza e hixiene.*” diga “7.- *Fóra do horario de funcionamento das terrazas, a vía pública debe quedar libre de elementos da terraza e en condicións de limpeza e hixiene salvo naqueles casos de que se autoricen mesas altas pegadas á fachada en beirarrúas de 2,25 metros e que se solicite o ancoramento destas mesas de forma permanente.*”

Proponse modificar o artigo 17.7, quedando coa seguinte redacción:

“7.- *Fóra do horario de funcionamento das terrazas, a vía pública debe quedar libre de elementos da terraza e en condicións de limpeza e hixiene salvo autorización específica para aqueles casos de solicitude de acoramento de mesas de forma permanente autorizadas previamente.*”

- Modificar a redacción do artigo 18 engadindo un apartado 5 que diga: “As licenzas de mesas en beirarrúas de 2,25 metros pegadas á fachada contabilizaranse como media mesa, debido á limitación de aforo destas”

Proponse estimar parcialmente a alegación, recollendo o concepto de media mesa no artigo 14, incorporando para iso un novo apartado que será o 14.6:

“6- Considerarase media mesa aquela que non ten máis de dúas cadeiras.”

- Modificar a redacción do artigo 20.1.b) de forma que onde di “(...) *Os toldos e parasoles serán dunha única cor, preferentemente o beige, ocre, granate, branco ou negro*” diga “(...) *Os toldos e parasoles serán dunha única cor, preferentemente o beige, ocre, granate, branco, negro ou verde*”.

Proponse modificar o artigo 20.1.b), quedando coa seguinte redacción:

“B) ELEMENTOS DE SOMBRAS (TOLDOS, PARASOLES ETC.)

(...)

Os toldos e parasoles serán dunha única cor, preferentemente o beige, ocre, granate, branco, negro ou verde.”

- Modificar a redacción do artigo 25.1 de forma que onde di “(...) *Tamén, poderán autorizárelles a establecementos tales como cafés-degustación, xeadarías, chocolatarías e análogos, sempre que dispoñan de espazo con mesas e cadeiras para servizo ao público no interior do local e da correspondente dotación de aseos.*” diga “(...) *Tamén, poderán autorizárelles a establecementos tales como cafés-degustación,*

xeadarías, chocolatarías, tendas con degustación e análogos, sempre que dispoñan de espazo con mesas e cadeiras para servizo ao público no interior do local e da correspondente dotación de aseos.”

Proponse modificar o artigo 25.1 quedando coa seguinte redacción:

“1.- Estas instalacións temporais poderán autorizárelles aos establecementos de hostalaría ou restauración debidamente autorizados tales como bares, café-bar, cafetería, restaurantes ou semellantes. Tamén, poderán autorizárelles a establecementos tales como cafés-degustación, xeadarías, chocolatarías, tendas con degustación e análogos, sempre que dispoñan de espazo con mesas e cadeiras para servizo ao público no interior do local e da correspondente dotación de aseos.

Estudaranse en cada caso os condicionantes particulares de cada establecemento, así como a afección ao contorno en que se encontra situado e a súa adecuación ás condicións esixidas pola normativa de carácter ambiental.”

TERCEIRO: Desestimar as alegacións presentadas polo Grupo Municipal do Partido Popular, en data 20.10.2020, nos seguintes termos:

- Modificación do artigo 14 de forma que onde di “1.- A ocupación da beirarrúa establecerase en proporción ao ancho total desta; garantirase sempre un itinerario peonil libre mínimo de 1,80 metros e sen que, en ningún caso, a superficie ocupada pola instalación poida exceder do cincuenta por cento (50%) da súa anchura. Non obstante o establecido no apartado anterior, o itinerario peonil libre poderá ser reducido, a xuízo dos servizos técnicos, por necesidades especiais.” diga “1.- A ocupación da beirarrúa establecerase en proporción ao ancho total desta; garantíndose un itinerario peonil libre mínimo de 1,80 metros, nos casos daquelas terrazas onde non se dispoña deste espazo libre de 1,80 m, que dito establecemento conte cun estudo específico, con atención ás singularidades e características do lugar, das alternativas posibles e da posibilidade de compatibilizar o uso peonil con paso de ancho suficiente co dereito ao uso do espazo público por parte do hostaleiro.

Proponse a súa desestimación por considerar que o artigo 14.1 no seu párrafo segundo xa contempla a posibilidade de establecer excepcións en caso de necesidades especiais ao establecer que “Non obstante o establecido no apartado anterior, o itinerario peonil libre poderá ser reducido, a xuízo dos servizos técnicos, por necesidades especiais.”

- Modificar o artigo 8.1 “horario de peche” de forma que onde di

a) O horario de peche será, con carácter xeral, de luns a xoves ata ás 23:00 horas e de venres a domingo e vésperas de festivo ata ás 00:00 horas. Excepcionalmente, no período comprendido entre o 1 de xuño ao 30 de setembro de cada ano o horario de

peche será de luns a xoves ata ás 00:00 horas e de venres a domingo e vésperas de festivos ata á 01:00 horas.”

Debe dicir:

- a) *O horario de peche será, con carácter xeral, de luns a xoves ata ás 00:00 horas e de venres a domingo e vésperas de festivo ata ás 1:00 horas. Excepcionalmente, no período comprendido entre o 1 de xuño ao 30 de setembro de cada ano o horario de peche será de luns a xoves ata ás 1:00 horas e de venres a domingo e vésperas de festivos ata á 02:00 horas.”*

Proponse a súa desestimación na medida en que en ningún momento o sector afectado ten solicitado a ampliación do horario de peche dos seus locais, limitándose a súa petición a ampliación do período estival para incluír os meses de maio e outubro, tal e como se indica no apartado primeiro desta proposta.

CUARTO. Aprobar expresamente, con carácter definitivo, a redacción final do texto da Ordenanza municipal reguladora da instalación de terrazas en espazos de uso público, unha vez resoltas as reclamacións presentadas.

QUINTO. Publicar devandito acordo definitivo co texto íntegro da Ordenanza municipal reguladora da instalación de terrazas en espazos de uso público no Boletín Oficial da Provincia, entrando en vigor segundo o previsto no artigo 70.2 da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local.

Así mesmo, estará a disposición dos interesados na sede electrónica deste Concello [<http://salcedadecaselas.sedelectronica.gal>].

Sra. Pérez Cabaleiro: Esta ordenanza que traen hoxe a pleno igual que ao pleno do pasado 27 de agosto ven a regular a instalación de terrazas en espazos públicos ou de uso privado en uso público dentro do Concello de Salceda. Como ben di a ordenanza as terrazas de hostalería e restauración contribúen ao espaxamento das relacións sociais, proporcionan imaxe vitalista a igual que xeran economía, xeran emprego que favorece a economía. Sen embargo, nesta Ordenanza que volven a traer a pleno para aprobación definitiva, remitimos unha vez máis a falta de diálogo que hai entre o goberno e grupo maioritario desta Corporación, desestimando ao 100% as alegacións presentadas polo noso grupo en tempo e forma, ademais de presentar unha aprobación definitiva como ben di aquí o expediente 772/2020, na páxina 1 falades de matización no texto e de mellora da redacción para reflexar así as peticións do sector hostaleiro nas reunións públicas, dicimos que está incompleto porque en ningún momento existe rexistro de entrada das peticións que supostamente recollades e non facedes públicas as súas demandas, nin tampouco cales delas estimades e cales delas desestimades. O que sí sabemos é que desestimades ao 100% as alegacións do noso grupo, incluso aportando un dato erróneo na aprobación definitiva sobre o artigo 8, o

cal recollerei a continuación. Ademais, no pleno do pasado 27 de agosto preguntei e reiterarei a pregunta, está recollido na acta que acabamos de aprobar, si este regulamento fora consensuado con todos os hostaleiros, a resposta foi que non se puido reunir evidentemente con todos eles debido a situación na que nos encontramos pero si que se falou telefonicamente cos 53 establecementos de hostalería de Salceda, sen embargo, agora traedes modificacións a un regulamento que supostamente estaba consensuado no seu momento.

Como dixen no artigo 8 o horario de peche foi un dos artigos que maior discusión plantexou no pasado pleno de 27 de agosto, porque nós non concordamos e así o recollemos nas nosas alegacións, pedindo ampliar nunha hora o horario de peche especialmente no período estival, xa que todos somos conscientes que en pleno agosto pechar as 12 horas unha terrazas é moi difícil de cumprir, e como dixen no artigo 8 a nosa proposta poñen expresamente: *“Modificación no artigo 8, apartado b) horario de peche e o seguinte:*

B) Horario extraordinario: Para o período comprendido entre o 1 de maio ata o 30 de setembro de cada ano, o horario de peche será: de luns a xoves ata as 01.00h e de venres a domingo, festivos e vésperas de festivos ata ás 02.00h”. Cando na proposta definitiva vós recolledes que o que nós pedimos é que sexa dende o 1 de xuño, cando a nosa proposta é dende o 1 de maio. Con isto é o que me refiro de que desestimades sempre as propostas do Partido Popular en vez de estimalas parcialmente, por qué puxemos ampliar o período dende o 1 de maio? Porque esta foi unha das maiores reclamacións que nos fixeron e nos propuxeron os hostaleiros de Salceda, por iso recollemos na nosa alegación feita en tempo e forma o 20 de setembro, como digo, non estimades parcialmente ningunha das nosas alegacións cando si o recolledes na vosa proposta definitiva. En canto ao horario, seguimos preguntando e insistindo en si este horario foi consensuado, si ningún hostalerio reclamou ampliar o mesmo, xa que a nós si que nolo fixeron chegar, igual que ampliar o período dende o 1 de maio.

En canto ao artigo 17.7, propoño o cambio dunha palabra, xa que que na proposición definitiva ponse “acoramento” en vez de “ancoramento” simplemente un erro ortográfico. En canto ao artigo 31 das medidas correctoras e revogación de molestias por ruído, concordamos totalmente xa que é fundamental facilitar a convivencia de todos os veciños de Salceda.

En conclusión e como xa fixeramos no anterior pleno, imos a votar abstención a este regulamento de terrazas. Presentamos as nosas alegacións, como dixen foron desestimadas ao 100% aínda incluíndo unha parte dela como é ampliar o período estival, por suposto, a nosa abstención deféndese debido a que consideramos completamente necesario que se regulen distintas materias para favorecer así a convivencia dos veciños de Salceda e insistimos e instamos a que exista con esta ordenanza igualdade de condicións e oportunidades entre todos os locais de hostalería.

Sr. Rodríguez Canosa: Hoxe traemos aquí a aprobación definitiva, que como ven dixo a compañeira Verónica e explicou perfectamente se da conta das alegación unhas se recolle e outras se desestiman, xa explicou ela os motivos moi ben e polo tanto non vou a insistir.

Sra. Tourón Domínguez: En canto a que no Pleno do 27 de agosto cando se preguntaba, que efectivamente está recollido en acta, si se había falado ou non se había falado cos hostaleiros nese pleno, tamén dixen e está recollido en acta, que nos poríamos en contacto tamén unha vez aberto o período de exposición pública para atender todas as demandas. O 7 de setembro se publica no BOPPO a aprobación inicial, o día 8 de setembro esta Concelleira envía unha carta a todos os hostaleiros, aos 53, e ademais en man pola Policía Local, dando a posibilidade tamén de que o que quixera puidera ler, era unha ordenanza extensa de 45 páxinas na que di que en relación á regulación de terrazas se acompaña a Ordenanza, hai 30 días hábiles para que aporten todo o que estimen necesario, dáselle un teléfono de contacto que é o meu, dáselle ademais un correo electrónico que é o da Concellería e se lle insta a que a lea, a que a estude con calma, para a unha posible reunión despois. A carta foi entregada o día 8 de setembro, unha vez publicada para que tivesen o texto sobre o que traballar. Xa antes, e nisto incido nas chamadas realizadas e nas reunións realizadas con pequenas partes antes deste texto. Ademais disto se lle traslada a Asociación de Comerciantes de Salceda ACISA ademais da Asociación de Comerciantes de Tabernanova para que tamén o trasladen aos seus socios e eles como asociación e que representan ao sector tamén fixeran aportacións. Teño constancia porque así mo dixeron, que eles mesmos, ACISA, convocaran unha reunión cos hostaleiros, tamén pasaron o que alí falaren e despois desta carta se lle volveu a comunicar a unha reunión aos hostaleiros e hostaleiras, unha por unha, convocada unha reunión que se celebrou o 7 de outubro. Nesa reunión recollín as aportacións que fixeron e en ningún caso falaren da ampliación do horario ás 2 da mañá, do que falaban era de engadir ou de ampliar a tempada de verán, a tempada de máis calor para que puideran aproveitar, co cal se engadiu o mes de maio e o mes de outubro. Encanto a si entran por rexistro ou non, eu as reunións a parte de explicar e de publicitar que foron públicas, eu recollo as alegacións. É verdade que se desestimaron parcialmente porque o tema de ampliar tamén o tiñades vós. Dicer que entrou no último día a alegación do Partido Popular, o día 20 de outubro creo que pola tarde e a Comisión Informativa foi o 21, co cal, ademais de estar contestadas as peticións polo sector hostaleiro non tiñan cabida.

Sra. Pérez Cabaleiro: A nosa entrou o 20 de outubro, que máis dá o día ou hora que entre con tal de que entre en tempo e forma por rexistro, que é a forma normal e convinte de facelo, ademais, que eu saiba non entraron, entraron dúas, a nosa e de un hostaleiro o cal nos parece perfecto, a nosa entrou en tempo e forma. Creo que me estás dando a razón porqué non me contestas nada de porqué engadides na proposta definitiva o prazo de 1 de xuño cando a nosa proposta, e aquí a traio, é

desde o 1 de maio ao 30 de setembro, nós pedimos ampliar o período estival dende o 1 de maio porque así era unha reclamación do sector hostaleiro e así nolo fixeron chegar e así o propuxemos nós nas alegacións as cales entraron por rexistro, disto non me contestas nada, non sei porque cando a nosa proposta está recollida é desestimada ao 100% en vez de estimala parcialmente, aínda que vós si que engadides esta ampliación na proposta definitiva. Insisto, a nosa entrou por rexistro, en ningún momento hai outra proposta de ampliación do período estival, a nosa sen embargo a desestimades ao 100%. En canto ao horario nada que engadir, nós propuxemos o horario que máis nos reclamaron os hostaleiros, desestimásteo pero non pasa nada, simplemente recordaros o horario extraordinario do 1 de maio. En canto á carta en ningún momento dixen que non vos puxerades en contacto cos hostaleiros de Salceda, somos conscientes desa carta, sabemos que chegou a igual que chegou en tempo é forma, ninguén criticou nada referente respecto a iso, somos conscientes de que si houbo comunicación en canto ao chegarlle as cartas, simplemente preguntamos cales eran as súas demandas, cales foron estimadas e cales foron desestimadas, xa que non entraron por rexistro.

Sra. Tourón Domínguez: O do 1 de maio entendo que é un erro ao transcribilo, porque xa estaba a proposta presentada polos hostaleiros e a miña pregunta é, as vosas proposta os hostaleiros volas fixeron chegar por escrito para que eu me crea que vos presentades as que poñen os hostaleiros? Eu fago unha reunión, os hostaleiros me trasladan as súas demandas e vemos que son coherentes, eu vounas a incluír veñan por escrito ou non veñan por escrito. A un hostaleiro non lle vou a obrigar a que meta unha proposta por escrito, me din si podemos ampliar a tempada de verán e mo din nunha reunión pública á que puideron asistir todos os hostaleiros de Salceda e eu fixen esa reunión por participación veciñal, para recoller as súas demandas, as recollín e as trasladei aquí, esa é a resposta que che podo dar, están trasladadas as demandas aquí de todas as reunións que se fixeron con eles e é legal e ademais non teño porque pedirlle que metan todo por rexistro.

Sra. Alcaldesa: Dou lectura aos puntos cuarto e quinto da proposta, pois o resto xa o leu Verónica:

CUARTO. Aprobar expresamente, con carácter definitivo, a redacción final do texto da Ordenanza municipal reguladora da instalación de terrazas en espazos de uso público, unha vez resoltas as reclamacións presentadas.

QUINTO. Publicar devandito acordo definitivo co texto íntegro da Ordenanza municipal reguladora da instalación de terrazas en espazos de uso público no Boletín Oficial da Provincia, entrando en vigor segundo o previsto no artigo 70.2 da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local.

Así mesmo, estará a disposición dos interesados na sede electrónica deste Concello [<http://salcedadecaselas.sedelectronica.gal>].

VOTACIÓN: Sometida a votación a proposta, esta resulta aprobada por SETE votos a favor do/as Concelleiros/as do Grupo Municipal Movemento Salceda (4) e dos/as Concelleiros/as do Grupo Municipal PSdeG-PSOE (3) e SEIS abstencións dos/as Concelleiros/as do Grupo Municipal Partido Popular, adoptándose o seguinte acordo:

PRIMEIRO: Introducir as seguintes modificacións solicitadas polo sector hostaleiro nas reunións públicas celebradas con eles, ao texto da Ordenanza municipal reguladora da instalación de terrazas en espazos de uso público aprobada inicialmente:

- Artigo 8.1: ampliación do período de 1 de xuño ao 30 de setembro de forma que se estableza tal período do 1 de maio ao 31 de outubro. Engadir así mesmo na relación de festas contemplada no último párrafo a festa dos callos, tal e como xa se falara na sesión plenaria de 27.08.2020, de forma que o artigo 8.1 quedaría redactado da seguinte forma:

“1.- O horario de funcionamento das terrazas será o seguinte:

- a) O horario de inicio: será o que corresponda coa licenza de actividade do establecemento.
- b) O horario de peche será, con carácter xeral, de luns a xoves ata ás 23:00 horas e de venres a domingo e vésperas de festivo ata ás 00:00 horas. Excepcionalmente, no período comprendido entre o 1 de maio ao 31 de outubro de cada ano o horario de peche será de luns a xoves ata ás 00:00 horas e de venres a domingo e vésperas de festivos ata á 01:00 horas.

Cando se celebren as festas do Cristo, festa dos callos, o Entroido, o Nadal ou días especialmente sinalados, os horarios de peche ampliaranse unha hora. Asemade, O Concello, previa solicitude do interesado/a, poderá ampliar a licenza de número de mesas para os días de festas locais [festas do Cristo, dos callos, Entroido e Nadal] ou días especialmente sinalados a través de bando municipal.

- Disposición Transitoria: Modificar o prazo de 12 meses establecido para a adaptación a nova normativa establecendo un prazo de 24 meses, que quedará redactada da seguinte forma:

“Disposición transitoria.

As terrazas que se encontren instaladas e autorizadas no momento da entrada en vigor da presente ordenanza terán un prazo de 24 meses para adaptarse a nova

normativa.”

SEGUNDO: Estimar parcialmente as alegacións presentadas por José Manuel Piñeiro Domínguez, en data 18.09.2020, nos seguintes termos:

- Modificar a redacción do artigo 14.2 de forma que onde di “2.- (...) *poderanse autorizar en beirarrúas de 2,30 metros de anchura mínima (...)*” diga “2.- (...) *poderanse autorizar en beirarrúas de 2,25 metros de anchura mínima (...)*”.

Proponse eliminar á referencia á anchura mínima de 2,30 metros que establece o artigo 14.2, quedando coa seguinte redacción:

“2.- O ancho mínimo das beirarrúas sobre as que se permite a instalación de terrazas será de 2,50 metros, medidos desde a aliñación oficial á cara exterior do beirado da beirarrúa. Excepcionalmente, e atendendo á intensidade do tránsito peonil da vía, poderanse autorizar en beirarrúas de menos anchura, terrazas formadas unicamente por elementos de dimensións reducidas, tales como mesas altas, mesas altas con dous tallos etc., dispostos en sentido lonxitudinal. En todo caso, debe quedar garantido o cumprimento do itinerario peonil mínimo libre de 1,80 m.”

- Modificar a redacción do artigo 17.7 de forma que onde di “7.- *Fóra do horario de funcionamento das terrazas, a vía pública debe quedar libre de elementos da terraza e en condicións de limpeza e hixiene.*” diga “7.- *Fóra do horario de funcionamento das terrazas, a vía pública debe quedar libre de elementos da terraza e en condicións de limpeza e hixiene salvo naqueles casos de que se autoricen mesas altas pegadas á fachada en beirarrúas de 2,25 metros e que se solicite o ancoramento destas mesas de forma permanente.*”

Proponse modificar o artigo 17.7, quedando coa seguinte redacción:

“7.- Fóra do horario de funcionamento das terrazas, a vía pública debe quedar libre de elementos da terraza e en condicións de limpeza e hixiene salvo autorización específica para aqueles casos de solicitude de acoramento de mesas de forma permanente autorizadas previamente.”

- Modificar a redacción do artigo 18 engadindo un apartado 5 que diga: “As licenzas de mesas en beirarrúas de 2,25 metros pegadas á fachada contabilizaranse como media mesa, debido á limitación de aforo destas”

Proponse estimar parcialmente a alegación, recollendo o concepto de media mesa no artigo 14, incorporando para iso un novo apartado que será o 14.6:

“6- Considerarase media mesa aquela que non ten máis de dúas cadeiras.”

- Modificar a redacción do artigo 20.1.b) de forma que onde di “(...) *Os toldos e parasoles serán dunha única cor, preferentemente o beige, ocre, granate, branco ou negro*” diga “(...) *Os toldos e parasoles serán dunha única cor, preferentemente o beige, ocre, granate, branco, negro ou verde*”.

Proponse modificar o artigo 20.1.b), quedando coa seguinte redacción:

“B) ELEMENTOS DE SOMBRAS (TOLDOS, PARASOLES ETC.)

(...)

Os toldos e parasoles serán dunha única cor, preferentemente o beige, ocre, granate, branco, negro ou verde.”

- Modificar a redacción do artigo 25.1 de forma que onde di “(...) *Tamén, poderán autorizárselles a establecementos tales como cafés-degustación, xeadarías, chocolatarías e análogos, sempre que dispoñan de espazo con mesas e cadeiras para servizo ao público no interior do local e da correspondente dotación de aseos.*” diga “(...) *Tamén, poderán autorizárselles a establecementos tales como cafés-degustación, xeadarías, chocolatarías, tendas con degustación e análogos, sempre que dispoñan de espazo con mesas e cadeiras para servizo ao público no interior do local e da correspondente dotación de aseos.*”

Proponse modificar o artigo 25.1 quedando coa seguinte redacción:

“1.- Estas instalacións temporais poderán autorizárselles aos establecementos de hostalaría ou restauración debidamente autorizados tales como bares, café-bar, cafetería, restaurantes ou semellantes. Tamén, poderán autorizárselles a establecementos tales como cafés-degustación, xeadarías, chocolatarías, tendas con degustación e análogos, sempre que dispoñan de espazo con mesas e cadeiras para servizo ao público no interior do local e da correspondente dotación de aseos.

Estudaranse en cada caso os condicionantes particulares de cada establecemento, así como a afección ao contorno en que se encontra situado e a súa adecuación ás condicións esixidas pola normativa de carácter ambiental.”

TERCEIRO: Desestimar as alegacións presentadas polo Grupo Municipal do Partido Popular, en data 20.10.2020, nos seguintes termos:

- Modificación do artigo 14 de forma que onde di “1.- *A ocupación da beirarrúa establecerase en proporción ao ancho total desta; garantirase sempre un itinerario peonil libre mínimo de 1,80 metros e sen que, en ningún caso, a superficie ocupada pola instalación poida exceder do cincuenta por cento (50%) da súa anchura. Non obstante o establecido no apartado anterior, o itinerario peonil libre poderá ser*

reducido, a xuízo dos servizos técnicos, por necesidades especiais.” diga “1.- A ocupación da beirarrúa establecerase en proporción ao ancho total desta; garantíndose un itinerario peonil libre mínimo de 1,80 metros, nos casos daquelas terrazas onde non se dispoña deste espazo libre de 1,80 m, que dito establecemento conte cun estudo específico, con atención ás singularidades e características do lugar, das alternativas posibles e da posibilidade de compatibilizar o uso peonil con paso de ancho suficiente co dereito ao uso do espazo público por parte do hostaleiro.”

Proponse a súa desestimación por considerar que o artigo 14.1 no seu párrafo segundo xa contempla a posibilidade de establecer excepcións en caso de necesidades especiais ao establecer que “*Non obstante o establecido no apartado anterior, o itinerario peonil libre poderá ser reducido, a xuízo dos servizos técnicos, por necesidades especiais.*”

- Modificar o artigo 8.1 “horario de peche” de forma que onde di

a) O horario de peche será, con carácter xeral, de luns a xoves ata ás 23:00 horas e de venres a domingo e vésperas de festivo ata ás 00:00 horas. Excepcionalmente, no período comprendido entre o 1 de xuño ao 30 de setembro de cada ano o horario de peche será de luns a xoves ata ás 00:00 horas e de venres a domingo e vésperas de festivos ata á 01:00 horas.”

Debe dicir:

a) O horario de peche será, con carácter xeral, de luns a xoves ata ás 00:00 horas e de venres a domingo e vésperas de festivo ata ás 1:00 horas. Excepcionalmente, no período comprendido entre o 1 de xuño ao 30 de setembro de cada ano o horario de peche será de luns a xoves ata ás 1:00 horas e de venres a domingo e vésperas de festivos ata á 02:00 horas.”

Proponse a súa desestimación na medida en que en ningún momento o sector afectado ten solicitado a ampliación do horario de peche dos seus locais, limitándose a súa petición a ampliación do período estival para incluír os meses de maio e outubro, tal e como se indica no apartado primeiro desta proposta.

CUARTO. Aprobar expresamente, con carácter definitivo, a redacción final do texto da Ordenanza municipal reguladora da instalación de terrazas en espazos de uso público, unha vez resoltas as reclamacións presentadas.

QUINTO. Publicar devandito acordo definitivo co texto íntegro da Ordenanza municipal reguladora da instalación de terrazas en espazos de uso público no Boletín Oficial da Provincia, entrando en vigor segundo o previsto no artigo 70.2 da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local.

Así mesmo, estará a disposición dos interesados na sede electrónica deste Concello

[<http://salcedadecaselas.sedelectronica.gal>].

Expediente 2298/2020. Fixación de festas locais para o ano 2021

Favorable

Tipo de votación:

Unanimidade/Asentimento

Sra. Pereira González: Boa tarde a todos e a todas, correspóndelle a este pleno propoñer as festividades locais para que sexan así determinadas pola Xefatura Territorial da Consellería de Economía e Emprego e a proposta deste goberno como sempre, por tradición, por arraigo, van ser o Martes de Entroido e o Luns do Cristo, no ano 2021 van a ser o 16 de febreiro e 19 de xullo, respectivamente. Digo como sempre por tradición e por arraigo e posiblemente os festivos do ano que ven non sexan como sempre, o entroido este ano salvámolo por pelos, o Cristo xa o vivimos na era COVID, con certeza vai a ser un entroido diferente, seguramente entre o enxeño dos barrios da Fera e do Barreiro que nunca lle falta, a aportación da Concelleira de Cultura, seguramente algo buscarán para sorprendernos e esperemos que no perdamos a tradición do entroido aínda que sexa dun xeito moi diferente.

Sr. Rodríguez Davila: Boas noites a todos os veciños que nos están vendo e escoitando a través dos medios, nós loxicamente imos a votar a favor como sempre vimos facendo, máis ben nos inclinamos en ser optimistas e confiar na xenialidade dos veciños e non tanto no departamento de cultura, porque a verdade neste último ano e medio non nos sorprendeu con case nada e polo tanto, esperemos que aínda así a suma de todos poidamos conseguir, como ben dicía Lucía, que se poidan celebrar dalgún xeito esas festividades, tanto o Entroido como tamén a festa do Cristo, que esperemos que para alá estea mellor a situación do que está agora mesmo e que seguramente no mes febreiro aínda co inverno nel non sexa todo o malo, polo tanto o noso voto vai ser a favor.

Sr. Rodríguez Canosa: Non teño nada que engadir ao que dixo Lucía nin ao a dixo Santi, darlle as grazas polas súas palabras cara a min.

Sra. Alcaldesa: Este punto tamén pasou a Comisión informativa cos votos a favor de toda a Corporación, dou lectura a proposta seguinte:

“Visto o disposto no artigo 37.2º do Estatuto dos Traballadores e nos artigos 45 e 46 do Real Decreto 2001/1983, do 28 de xullo, declarado vixente pola disposición derogatoria única do 1561/1995 do 21 de setembro, sobre xornadas especiais de traballo, de conformidade cos cales serán inhábiles para o traballo, retribuídas e non recuperables dúas festas locais, que serán determinadas polo/a xefe/a territorial da Consellería de Economía, Emprego e Industria en cada unha das delegacións territoriais da comunidade autónoma, por proposta do órgano municipal competente



dos respectivos Concellos e publicaranse nos boletíns oficiais de cada provincia e no Diario Oficial de Galicia.

Visto o requirimento efectuado pola Xefatura Territorial de Pontevedra da Consellería de Economía, Emprego e Industria, recibido en data 08.10.2020 (Rex núm 2020-E-RC-4095) para que se proceda á realizar a proposta de festas locais do Concello e se remita antes do 30 de outubro.

Tendo en conta as datas tradicionais das festas locais e, en uso das atribucións que me confire o artigo 21.1 a),e c) da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local (LRBRL en adiante),artigos 80 e 82 do Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais; e de acordo co artigo 46 do real Decreto 2001/1983, de 28 de xullo, que determina que será o Pleno o órgano competente,

PROPOÑO AO PLENO DA CORPORACIÓN:

1.- Propoñer a fixación das seguintes festas locais do Concello de Salceda de Caselas (Pontevedra) para o ano 2021:

- 16 de febreiro de 2021 (Martes de entroido)
- 19 de xullo de 2021 (Luns do Cristo)

2.- Comunicar a proposta ao Servizo de Emprego e Economía Social da Consellaría de Economía, Emprego e Industria da Xunta de Galicia (Xefatura Territorial de Pontevedra, sede Vigo)."

VOTACIÓN: Sometida a votación a proposta, esta resulta aprobada por UNANIMIDADE dos trece membros presentes a este sesión, adoptándose o seguinte acordo:

1.- Propoñer a fixación das seguintes festas locais do Concello de Salceda de Caselas (Pontevedra) para o ano 2021:

- 16 de febreiro de 2021 (Martes de entroido)
- 19 de xullo de 2021 (Luns do Cristo)

2.- Comunicar a proposta ao Servizo de Emprego e Economía Social da Consellaría de Economía, Emprego e Industria da Xunta de Galicia (Xefatura Territorial de

Pontevedra, sede Vigo).

Expediente 2398/2020. Moción para o aumento da oferta en galego destinada á infancia e mocidade nas televisións públicas.

Favorable

Tipo de votación:

Unanimidade/Asentimento

Sr. Rodríguez Canosa: Traemos aquí esta moción que parte da iniciativa que comezou a Mesa pola normalización lingüística para transformase en iniciativa popular e que chegue ao Parlamento Galego, dende o Concello de Salceda queremos facernos eco, apoiala e tamén facer nosa esta reivindicación, paso a ler a parte expositiva, seguinte:

“A mediados dos 90 do século XX, Galiza situouse á vangarda dos contidos infantís e xuvenís coa programación do Xabarín Club da Televisión de Galiza. Con ela, non só contribuíu decisivamente á normalización da lingua galega senón tamén á difusión da música, da produción audiovisual e escénica desenvolvida no país. Esta situación mudou. Hoxe, a lingua galega é a única oficial no Estado español que non conta cunha canle de emisión continuada de programación infantil e xuvenil. O resultado disto é que só o 4,6% da programación semanal está en galego, caendo ao 2,7% na fin de semana.

A través de canles como Clan, Super3 ou ETB3 todas as crianzas, rapaces e raparigas do Estado español agás as galegas poden gozar dos mellores contidos televisivos na súa lingua.

Cómpre ter en conta que as novas xeracións adoitan consumir contidos noutros dispositivos como tabletas ou móbiles, polo que as aplicacións dos medios adicadas aos contidos infantís tamén son moi importantes. Neste sentido, Clan TV de TVE ten unha aplicación que, ademais, dispón de diferentes actividades máis a pesar de ser unhas canles públicas, exclúe a opción en galego. Mentres, a App Xabarín da TVG, está sen actualizar desde 2018 e xa non é posíbel a descarga en dispositivos Android.

Temos unha corporación pública con boas e bos profesionais que cómpre dotar de máis e mellores medios técnicos para ser unha ferramenta eficaz e de primeira orde para a normalización lingüística na mocidade.

Para permitir o visionado na lingua propia das series e filmes máis vistos, os gobernos vasco e catalán chegaron a acordos con plataformas como Movistar + para a emisión de todos os seus contidos coa opción de lexendado nas súas respectivas linguas.

Non hai ningún motivo para que a infancia e mocidade galega non conte coas

mesmas opcións para a visualización de contidos audiovisuais de éxito na súa lingua que se vivise en calquera outro territorio do Estado.

A Lei 6/1999, do 1 de setembro, do Audiovisual de Galiza, recolle nos seus artigos 1º, 4º e 5º, a importancia cultural, económica, social e para a normalización lingüística das actividades do sector audiovisual, recoñecéndose o seu carácter estratéxico.

Na mesma liña, a TVG, nos principios xerais de programación, dentro do seu portal de transparencia sinala que o “especial papel correspóndelle á TVG e á Radiotelevisión á hora de contribuír á normalización da lingua galega e á difusión da cultura propia de Galiza”.

No Estado español, a lei 7/2020, do 31 de marzo, xeral da comunicación audiovisual, recolle no seu capítulo I do título II, a garantía dos dereitos dos cidadáns e cidadás a recibir contidos en condicións de pluralismo cultural e lingüístico. Deste xeito, no artigo 4º di que “os operadores de titularidade pública contribuirán á promoción da industria cultural, en especial á de creación audiovisuais vinculadas ás distintas linguas e culturas existentes no Estado”; e no artigo 5º, que “as comunidades autónomas con lingua propia poderán aprobar normas adicionais para os servizos de comunicación audiovisual do seu ámbito competencial co fin de promover a produción audiovisual na súa propia lingua”.

A lingua galega precisa espazos de uso, de reprodución e socialización para existir e desenvolverse. O galego debe estar “en todo e para todo”, en palabras de D. Ricardo Carvalho Calero. A exclusión ou a inferioridade de condicións no ámbito audiovisual impide calquera política real a favor da normalidade plena do noso idioma.

O goberno galego conta con importantes recursos para tornar realidade a demanda cidadá para que o galego estea presente e dispoñíbel en todos os espazos, nomeadamente para a infancia e a mocidade.

Por todo isto, os Grupos Municipais de Movemento Salceda e PSdeG-PSOE propoñemos ao Pleno da Corporación Municipal de Salceda de Caselas a adopción do seguinte acordo:

Instar á Xunta de Galiza a tomar as medidas e acción precisas dentro das súas competencias para:

- o Que a Corporación de Radio Televisión de Galiza aumente a oferta en galego destinada á infancia e mocidade nas televisións públicas a través dunha canle “Xabarín”, con programación dirixida ao público infantil e xuvenil e dispoñíbel en todas as plataformas de contidos audiovisuais así como App actualizadas que contén ademais con programas e xogos co fin de garantir nesta canle en galego, a presenza

de contidos atractivos, de éxito, actuais e pasados, así como contidos educativos e de produción galega.

- o Reclamar do Goberno español que a Corporación de Radio Televisión Española emita todos os seus contidos con opción dobrada ao galego nomeadamente na programación da canle específica infantil e xuvenil e nos contidos da súa App.
- Así mesmo o Parlamento insta ao goberno galego a chegar a acordos con outras administracións e empresas co fin de garantir a opción dobrada e lexendada ao galego en todas as plataformas dixitais de televisión, así como a impulsar as accións necesarias para a recepción mutua RTP - TVG en Galiza e Portugal segundo o contemplado na Carta Europea de Linguas Rexionais ou Minoritarias.”

Esta é a moción que espero que saía deste pleno con aprobación por unanimidade. Todos somos conscientes da situación do galego nos ámbitos xerais, tanto adultos como infantís, a situación é moito peor nos ámbitos da mocidade e nos ámbitos infantís. Como ben dicía na exposición de motivos da moción, nos anos 90 Galicia foi un referente na aposta por contidos audiovisuais dirixidos ao público infantil na propia lingua, creo que a grande axuda á lingua galega, para que os rapaces e rapazas faleran a lingua galega, foi o Xabarín Club, porque nesa época tanto nenos coma nenas tiñan referentes de entretemento en galego e conseguía que tiveran un maior contacto coa lingua. Ademais disto, non nos esquecemos tamén de que potenciaban a produción cultural en galego, na nosa lingua, moitos grupos da nosa música que se sumaban as cancións do Xabarín Club. A situación do Galego é clara e a aposta que leva tido Feijóo e a Xunta de Galicia nos últimos anos para a súa promoción é nula, é máis, o propio Consello de Europa advertiu en decembro de 2019 do retroceso da lingua Galega e nese propio Consello dicía que o porcentaxe de nenos que nunca falan galego no 2008 era de 29 % e en 2018 subiu 15 puntos ata case ao 45%, o 45%, case a metade dos nenos en Galicia nunca falan o galego. Unha das frases que o noso Presidente Feijóo dixo é que unha das solucións ao problema era realizar campañas de promoción, que mellor campaña, mellor promoción para o galego, que crear unha canle Xabarín e dotar de contidos infantís e para a mocidade en galego.

Sr. Rodríguez Dávila: A verdade é que na vida hai que ser consecuentes e as veces hai que entender onde estamos, o que somos, o que fixemos, o que practicamos, etc... é moi fácil vir a intentar dar leccións, falo en xeral, de certos aspectos da vida de cada un e logo na práctica un mesmo non os exerce ou non os fai. Quero dicir con isto que eu sei que hai certa parte da sociedade, minoritaria por certo, que intentan impor aquilo que os demais libremente escollemos. A min ninguén me vai a dicir se vou a falar en galego ou en castelán, nin a min nin a ningún cidadán libre deste país. Eu falo sempre en galego pero tamén utilizo a lingua de Cervantes moitas veces, porque son un cidadán que teño dereitos, que teño obrigacións pero entre esas podoo escoller

libremente o que falar en cada momento e polo tanto non vai ser ningún colectivo ou ningún goberno, como os houbo aquí no seu momento, impondo aquilo de rotular os establecementos en galego, o que eu teño que facer ou o que a sociedade libre ten que facer. Nós estamos sempre no galeguismo amable, de concordia e non da imposición e da intolerancia que moitos queredes impor na sociedade, e que unha vez máis foi rexeitada nas urnas. Claro que nós defendemos o galego, vostede saben igual que eu que unha cousa é que libremente os cidadáns non escollan o galego para falar no día a día e outra cousa moi diferente é o coñecemento, o entendemento do galego que nunca antes na historia foi tan grande como actualmente, nunca, case o 100% da sociedade galega entende o galego e sabe falar o galego, iso din os datos oficiais, outra cousa é que no día a día libremente cada cidadán decida falar no idioma que queira. Fíxese vostede si é así que incluso os que temos representacións públicas, é dicir dende a máis básica pero tamén a máis bonita que é ser Concelleiro da súa Corporación, falamos no idioma que queremos. Neste pleno hai persoas que utilizan o galego maioritariamente e hai persoas que utilizan o castelán. Imaxínese vostede que un concelleiro deste grupo utilizase o castelán e que vostedes estivesen en desacordo o que dirían o da rama do seu partido do que proceden, como actuarían, como así o fixeron no pasado. Liberdade dos cidadáns a falar no idioma que queiran, e iso é o que defende o Partido Popular e este Grupo. Non é todo escuro, nin é todo horroroso, nin é todo nefasto respecto do noso idioma. Xa lle dixen é reitero, nunca antes na historia os galegos de hoxe entenderon o galego, saben falar o galego e saben ler o galego, nunca antes na historia, e polo tanto non fai falta que ninguén veña a impoñer nada.

Iso non significa que todas as iniciativas que poidan vir sexan ven acollidas, por iso este grupo vai a votar a favor, nós non estamos en contra de promocionar o galego sexa pola vías que sexa, pero estamos en contra de impolo, porque cando un pretende impor algo o que produce é o rexeitamento da sociedade, por iso así o referendaron as urnas, non queren imposicións, queren liberdade para escoller dentro dos seus dereitos todo o aquilo que lle compete, tanto no idioma como noutra faceta na vida.

Sra. Tourón Domínguez: Liberdade para escoller, o compañeiro do Partido Popular o acaba de dicir, liberdade para escoller, e eu como nai quero escoller se os meus fillos miran a tele en galego ou a miran en castelán, que é o que trae esta moción aquí. Non nos poñamos transcendentais agora, se impoñemos ou non impoñemos. porque esta moción creo que non fala de imposición en ningún momento. Por suposto que hai concelleiros que falan en castelán e concelleiros que falan en galego e en ningún momento creo que ninguén desta Corporación fixo ou reflectiu nada en contra desa liberdade para escoller o idioma no que falar. Apoio totalmente o dito polo compañeiro Alex e me remito as mesmas palabras que dixen o portavoz do Partido Popular, liberdade para escoller.

Sr. Rodríguez Canosa: Ninguén falou de impoñer, ninguén falou de obrigar a falar

unha lingua ou outra, eu en ningún momento na exposición de motivos, en ningún momento do que dixen a continuación falei de impor, nunca falei de impor unha lingua, o que estamos falando aquí é de crear unha canle en galego, potenciar que os nosos nenos e nenas galegos e galegas teñan a posibilidade de ver contidos infantís en galego que hoxe en día non a teñen, en ningún momento se falou de impor. Claro que debemos apoiar o galego, a propia Lei de Normalización Lingüística de Galicia, aprobada no 1990 polo Goberno de Fraga, no 1990, non che falo do bipartito, nesa propia lei dise que as administración públicas debemos impulsar e defender o uso do galego, da nosa lingua propia. En canto a que “nunca se soubo falar tanto en galego...” Instituto Galego de Estatística, setembro de 2019 o 23,9% dos nenos e nenas entre 5 e 14 anos non sabe falar galego. Por outro lado alégrome que esta moción saía aprobada por unanimidade.

Sr. Rodríguez Davila: Eu en ningún momento dixen que a moción pretendía impor, fixen a reflexión global ao respecto do que pretende unha minoría da sociedade, si fora así esta moción por suposto que nós non iamos a apoiala. Se o fin desa moción fora impor algo en concreto tería o noso total rexeitamento. Eu o que fixen foi unha exposición global de todo aquilo que escasas minorías, incluso colectivos intentan facer ver a realidade que non é. Outra cousa e ben distinta é o que dixen ao final da miña intervención, que loxicamente dende todos os ámbitos teñamos que seguir defendendo e apoiando e promovendo a lingua igual que outras, igual que o inglés que o estamos implantando na ensinanza dende fai anos e seguramente haberá que seguir implantado con máis intensidade o plurilingüismo, porque cantos máis coñecementos teñamos a sociedade máis oportunidades imos a ter. O galego nos permite relacionarnos con 500 millóns de habitantes do planeta, cousa que non poden facer un castelán falante e polo tanto todas as potencialidades do idioma hai que collelas dentro dese bo facer que os idiomas nos permiten e non todo o contrario. Como digo, unha minoría pretende facer como está pasando en algunha parte do territorio da nosa nación, España. O noso apoio a todo o que sexa a promoción, divulgación e defensa sen imposición do galego e por iso este grupo unha vez máis dentro da súa coherencia vai a apoiar todo aquilo que sexa nese ámbito, todo o que sexa bo para a sociedade, sen impor, o noso voto vai ser sempre afirmativo.

Sra. Alcaldesa: Eu creo que hai que deixalo definitivamente claro isto non é un debate da escolla de idiomas, de todos os xeitos eu escollo o galego porque teño a obriga de defender a miña lingua, pero é que precisamente do que se trata esta moción é de que os nosos cativos e a nosa mocidade non pode escoller unha programación en galego, diso se trata, e non vou mencionar neste debate unha palabra como é imposición, creo que está fora de lugar no debate desta moción. Aquí do que se trata é de defender unhas canles de televisión e de radio públicas, que teñan a posibilidade de os nosos rapaces e a nosa mocidade de ter contidos en galego e que escollan, pero é que agora non poden escoller. Repito, eu escollo o galego, dou lectura aos acordos desta proposta seguinte:

- o Que a Corporación de Radio Televisión de Galiza aumente a oferta en galego destinada á infancia e mocidade nas televisións públicas a través dunha canle “Xabarín”, con programación dirixida ao público infantil e xuvenil e dispoñíbel en todas as plataformas de contidos audiovisuais así como App actualizadas que contén ademais con programas e xogos co fin de garantir nesta canle en galego, a presenza de contidos atractivos, de éxito, actuais e pasados, así como contidos educativos e de produción galega.
- o Reclamar do Goberno español que a Corporación de Radio Televisión Española emita todos os seus contidos con opción dobrada ao galego nomeadamente na programación da canle específica infantil e xuvenil e nos contidos da súa App.
- Así mesmo o Parlamento insta ao goberno galego a chegar a acordos con outras administracións e empresas co fin de garantir a opción dobrada e lexendada ao galego en todas as plataformas dixitais de televisión, así como a impulsar as accións necesarias para a recepción mutua RTP - TVG en Galiza e Portugal segundo o contemplado na Carta Europea de Linguas Rexionais ou Minoritarias.

VOTACIÓN: Sometida a votación a proposta, esta resulta aprobada por UNANIMIDADE dos trece membros presentes a este sesión, adoptándose o seguinte acordo:

Primeiro: Que a Corporación de Radio Televisión de Galiza aumente a oferta en galego destinada á infancia e mocidade nas televisións públicas a través dunha canle “Xabarín”, con programación dirixida ao público infantil e xuvenil e dispoñíbel en todas as plataformas de contidos audiovisuais así como App actualizadas que contén ademais con programas e xogos co fin de garantir nesta canle en galego, a presenza de contidos atractivos, de éxito, actuais e pasados, así como contidos educativos e de produción galega.

Segundo: Reclamar do Goberno español que a Corporación de Radio Televisión Española emita todos os seus contidos con opción dobrada ao galego nomeadamente na programación da canle específica infantil e xuvenil e nos contidos da súa App.

Terceiro: Así mesmo o Parlamento insta ao goberno galego a chegar a acordos con outras administracións e empresas co fin de garantir a opción dobrada e lexendada ao galego en todas as plataformas dixitais de televisión, así como a impulsar as accións necesarias para a recepción mutua RTP - TVG en Galiza e Portugal segundo o contemplado na Carta Europea de Linguas Rexionais ou Minoritarias.

Expediente 2397/2020. Moción para a construción dunha segunda escola infantil nos terreos dispostos na rúa Mártires de Sobredo.

Favorable

Tipo de votación:

Unanimidade/Asentimento

Sra. Alcaldesa: Vou proceder a ler a moción e logo proceder ao seu debate:

“Salceda de Caselas ten a sorte de ser unha das vilas con maior índice de natalidade de toda Galicia, polo que as diferentes administracións deben unir esforzos en ofrecer servizos de calidade para os nenos e nenas. As prazas da única escola infantil de Salceda resultan a todas luces insuficientes tal como demostran os datos, con 76 nenos/as en lista de agarda no 2018, 52 no 2019 e 34 no 2020, cun claro descenso de solicitudes neste ano por mor da COVID19.

Actualmente a Xunta de Galicia está a diminuír as cifras das listas de agarda coa sufragación dos gastos en escolas infantís privadas, cando a aposta debería ser a de construír novas escolas públicas, por exemplo no noso Concello.

O 6 de agosto de 2018 representantes municipais mantiveron unha xuntanza co Xerente do Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar, Perfecto Rodríguez, para trasladarlle a necesidade dunha segunda escola infantil en Salceda de Caselas. O Xerente do Consorcio amosouse de acordo coa necesidade dunha segunda escola infantil no noso Concello, comprometéndonos a traballar no proxecto dende o equipo técnico municipal.

O 10 de agosto de 2018 o Concello de Salceda enviou anteproxecto de Escola Infantil a realizar na parcela situada na Rúa Mártires de Sobredo de Salceda de Caselas, para o seu estudo e aprobación por parte de dito Consorcio. Dita parcela está calificada xa como parcela de equipamentos EQ02 dentro do PERI UE-02, polo que se pode dispoñer dela para este uso de xeito inmediato.

O 27 de setembro de 2018 enviouse proxecto básico para a construción dunha nova escola infantil en Salceda de Caselas, solicitando tamén a emisión do correspondente informe sectorial.

O pasado 28 de setembro, representantes municipais e ANPA da Galiña Azul mantiveron unha xuntanza na que ambas partes coincidiron na necesidade dunha segunda escola infantil pública en Salceda de Caselas.

A día de hoxe non temos noticias de que se estea a xestionar a construción da segunda escola infantil en Salceda de Caselas, polo que a alcaldesa ten xa solicitada

xuntanza co xerente en dúas ocasións, o 2 de marzo e o 14 de setembro deste ano, sen que ata o de agora fosen atendidas esas solicitudes.

En vista do exposto, solicitamos do Pleno do Concello de Salceda de Caselas a adopción do seguinte acordo:

- *Instar ao Consorcio Galego de Benestar a construción dunha segunda escola infantil en Salceda de Caselas, nos terreos dispostos na rúa Mártires de Sobredo.*
- *Dar conta do presente acordo á Consellería de Política Social da Xunta de Galicia e ao Consorcio Galego de Benestar.”*

Sr. Rodríguez Davila: Xa na Comisión Informativa nós plantexamos ao goberno deixar de lado o que nos separa desta proposta e sumar nos que nos une. Como por todos é coñecido, tanto polos membros desta Corporación como tamén polos veciños que nos están escoitando e tamén os que non o están a facer pero si saben o que este grupo, este partido, lle propuxo aos veciños de Salceda en maio do ano 2019 respecto da construción dunha nova Galiña Azul no entorno do barrio de Fontán, parroquia de Parderruias, para facer alí un complexo educativo, é dicir, unir o que é a aula actual do Cra “Raiña Aragonta” de Fontán cunha nova Galiña Azul, iso permitiría aos pais e nais levar os fillos dende os 0 anos ata os 5 anos ao mesmo lugar, iso permitiría que calquera veciño, calquera familia de calquera das parroquias, tivese fácil acceso a ese lugar, permitindo todas as conexións posibles coa PO-510 que une Salvaterra do Miño con O Porriño. Iso permitiría ter aos nosos nenos e nenas nun entorno rural, moito máis tranquilo, moito máis nun ambiente, ecoloxicamente falando, saudable e sobre todo, permitiría desconxestionar o centro urbano do noso Concello as primeiras horas da mañá e tamén ao medio día, co cal faríamos todo un complexo que beneficiaría como digo a todos e a todas. Por iso eu, en nome do Grupo lle propuxen á Alcaldía, a Alcaldesa, deixar fora desta moción a ubicación da construción da nova Galiña Azul, en aras de buscar un acordo unánime desta Corporación é dicir, xa que na mesma nos une o 80% de facer realidade a nova Galiña Azul, e deixando ese 20% fora do acordo que buscamos co consenso que pretendemos e sobre todo en facer aquilo que o Goberno presume, xa o facía o anterior Goberno do cal a Sra. Alcaldesa era membro e que a realidade é que a día de hoxe non hai outro xeito de gobernar, porque a realidade é a que é. Isto do que falamos fai un rato de intentar impor, pois é o que se pretende, se realmente o goberno o que quere é un acordo unánime, o que ten que facer é ceder igual que nós cedemos. Nós non queremos impor o que nos dixeron os veciños nas urnas, nós non queremos impor que se constrúa en Fontán porque o dicimos nós. Xa que vostedes non están de acordo, lóxicamente porque vostedes defenden, polo menos unha parte do Goberno, a ubicación desa Galiña Azul no entorno do Centro de Saúde actual, pois deixemos a súa proposta, deixemos a nosa proposta fora do debate e votemos a favor do que nos une, que é solicitar á Xunta de Galicia esa segunda Galiña Azul para o noso Concello. Por iso, reitero a proposta que lle fixen na Comisión é que como vexo na orde do día a Alcaldía non tivo a ben

aceptar, e dou por feito que seguirán manténdoa ata o último momento. Creo que é sensato o que estamos propoñendo, creo que é razoable, creo que é coherente e unha vez máis, se hai vontade de chegar a acordos ou simplemente si ou si se vota o que o Goberno quere que se vote. Xa digo, estamos de acordo en reclamarlle a Xunta de Galicia esa segunda Galiña Azul, estamos de acordo de dotar ao noso Concello dunha nova infraestrutura para que atenda a demanda dos nosos nenos e nenas, pero tamén é verdade que non compartimos a ubicación porque nese lugar, en concreto ao lado do Centro de Saúde actual o noso programa electoral contemplaba a construción dun Centro de Día. O Centro de día como ben se sabe é utilizado por persoas maiores, que estean ubicados ao lado dun centro sanitario, e non así os nenos e nenas que, como digo, creo que moito mellor estarían nun entorno rural ao lado dunha aula infantil do CRA de Parderrubias.

Sr. Rodríguez Canosa: Xa adiantaches na Comisión a vosa posición. Como ven se fala na exposición de motivos o 10 de agosto se enviou o anteproxecto do 2018 ao Consorcio e o 27 de setembro enviouse o proxecto, un proxecto xa feito para construír a segunda Galiña Azul en Mártires de Sobredo, no PERI ao lado do Centro de Saúde, unha ubicación que a noso parecer é inmejorable. Falaches de que hai unha proposta vosa do 2019 de facela en Fontán, como ben saberás e o voso equipo sábeo é imposible facer alí unha Galiña Azul, polo menos a curto prazo, estamos falando de núcleo rural e como ben sabes en núcleo rural a construción máxima que pode haber é de 450m² e si me dis que vas a xuntala á aula unitaria na mesma parcela onde xa están as antigas casas dos mestres, evidentemente non dan as contas, xa de 300 m de edificacións, non sei de canto queres facer a Galiña Azul. Si que hai unha solución, un plan de dotacións que a súa tramitación levaría de dous a tres anos mínimo e entón nesa parcela si que se podería construír. O proxecto da escola infantil da Galiña Azul son 550m² de construción, nunha parcela na que solo se pode construír 450m², un pouco pequena vai quedar esa escola infantil, sobre todo se temos en conta as novas normas COVID. Falades de que tiña capacidade para 80 nenos, as Normas Subsidiarias do Concello de Salceda de Caselas din claramente que en núcleo rural solo se poden construír equipamentos educativos dun máximo para 50 nenos, polo tanto 80 nenos sería imposible, imposible polos metros cadrados, pola edificabilidade en núcleo rural é imposible porque máximo son 50 nenos e vos falades de 80. Falades da zona de Fontán ten boas zonas de aparcamento é de acceso, 20 de Fontán máis 80 que vos plantexades da Galiña Azul danos 100 alumnos que entrarían alí, xa veríamos si hai sitio para facer prazas de aparcamento, serían 2000 m², con aula de Fontán, casa dos mestres e nova Galiña Azul. É un despropósito o de Fontán, é unha moción seria, un proxecto serio para comezar a construír mañá a segunda Galiña Azul de Salceda e se non queredes votar a favor pedímosvos polo menos que non vos escusedes noutras cousas e digades a verdade, que non queredes esixirle a Xunta de Galicia que faga a segunda Galiña Azul en Salceda.



Sra. Tourón Domínguez: Eu ía a falar das condicións urbanísticas da parcela como Concelleira de Urbanismo, pero estou de acordo coa exposición que acaba de facer o compañeiro Álex, os proxectos hai que mirar sobre todo as condicións urbanísticas da zona onde se pretende actuar e si as cumpren para despois presentar un proxecto serio. Eu pido acudir ao sentido común, temos unha moción na que se explica claramente que hai un anteprojecto presentado o 10 de agosto de 2018, hai un proxecto básico presentado o 27 de setembro de 2018, non sei se o que se pretende aquí é retardar ou paralizar as cousas ou tirar cos cartos porque realmente temos un proxecto, está feito e creo dende logo o Grupo do Partido Socialista, independentemente de que poidamos discutir a ubicación como di o Partido Popular, de non estar de acordo coa ubicación, creo que iso non é non solo chegar a acordos e que para chegar a acordos tamén teñen que ter unha base fundamental que sexa primeiro, cumprir as condicións para facelo e segundo, que redunde no benestar dos veciños e non ter que gastar de novo, cando hai un proxecto nun terreo que é municipal e que cumpre con todas as condicións urbanísticas é un despropósito. Volvemos a falar de imposición, aquí non se trata de impor, pero a min gustaríame saber que significa “yo ahí no porque para ahí tengo el centro de día”.

Sr. Rodríguez Davila: Imposición é o que vostedes pretenden “o lo mío o si no nada” verdade? Para aí tiñamos o centro de día, é a nosa proposta e vostedes tiñan a Galiña Azul e nós temos en Fontán a Galiña Azul e vostedes non a teñen e repetimos, deixemos a ubicación ao lado, votemos reclamarlle á Xunta unha nova Galiña Azul e logo que se faga a Galiña Azul onde se considere por parte do goberno, tan fácil como iso e tan difícil iso? Negociar, acordar e consensuar é ceder, nós estamos cedendo, nós non estamos impondo a nosa ubicación, nós estamos dicíndolle que no que estamos de acordo, no 80%, o votemos e vostedes erre que erre que ten que ser como vostedes o traen. Unha vez máis se demostra a vontade deste Goberno de chegar a acordos, cando non pretenden ceder nada nós si estamos cedendo. En canto ao que comentou o compañeiro Álex, está moi ben todo o que acabas de dicir pero creo que do que dixeches á realidade hai un treito, levan vostedes 13 anos gobernando e todo aquilo que era un desastre urbanisticamente, que en parte podemos compartir, pois segue actualmente en vigor saben por qué? Porque entre outras cousas trouxeron un Plan Xeral por imposición que o seu socio de goberno votou en contra tamén, pregúntelle por qué votaron en contra dese Plan Xeral no ano 2016. Non debería ser moi bo, digo eu, porque saben o que querían facer? Impor, sitios onde non eran urbanisticamente construíbles, construír, de familiares de concelleiros, etc... impor “o lo tomas o lo dejas”, non se recolleu ningún acordo, ningunha cesión, non se recolleu nada do que fixeron os membros da Corporación por aquel entón, entón cando un pretende impor se chega a eses extremos. Resulta que no pleno anterior viu a este pleno a suspensión de licencias para o cambio de uso dun terreo urbanizable no casco urbano, resulta que nunha área como a que é Fontán non se pode facer unha modificación, non se pode, levan vostedes un ano e medio e resulta que non sabemos nada do Plan Xeral, o que sabemos e da modificación do Cerquido que din que non hai nada, e resulta que imos a ver si hai ou



non hai, nós creemos que si hai algo pero ela dixo que non nunha nota de prensa, que está todo a cero, que non hai nada e que xa teremos tempo para acordar e a dialogar. Imos a velo Sra. Alcaldesa, si a hemeroteca non lle pasa factura ao respecto, eu creo que vai ser outra imposición e que o Partido Socialista vai tragar con outra cousa máis, desta parte do Goberno van a dicir si a todo aquilo que dixeron non no ano 2016, o tempo o dirá.

Nós insistimos ata o último momento antes da votación para amosarlle aos veciños a vontade de acordo que ten este goberno que alardea de consenso, de participación, etc... votemos a favor do que estamos de acordo todos, que é reclamarlle a Xunta de Galicia a construción dunha segunda Galiña Azul e deixemos de lado, que é un porcentaxe moi pequeno, o que nos separa, iso sería enviarlle unha mensaxe aos veciños de que vostedes están de acordo en chegar a acordos e poñen da súa parte para que iso se leve a cabo no día de hoxe.

Sr. Rodríguez Canosa: Non estamos impondo nada, temos un proxecto preparado e listo para empezar mañá a construír nunha parcela que foi destinada para equipamentos dentro dun PERI que proximamente se desenvolverá, o PERI II a continuación do PERI, tendo as condicións perfectas. En canto ao Plan Xeral, o que se votou neste Salón de Plenos era a aprobación inicial, despois viñan as alegacións, viñan os demais trámites e evidentemente o voso Grupo non votou a favor.

Sra. Tourón Domínguez: En canto ao tema de Cerquido, se queres utilizar a quenda de preguntas e me preguntas sobre o Cerquido e che respondo. Hai que ter claras e hai que ter diferenciadas as funcións do equipo de Goberno e lexislativas da Corporación. Isto de que nós impomos porque defendemos a nosa proposta e vós non impoñedes porque defendedes a vosa non o acabo de entender. E por último, negociar pódese negociar un montón de cousas, tirar os cartos dos veciños cando hai un proxecto feito creo que non procede. En canto ao do PXOM volvo ao mesmo, pódeme preguntar cando queiras. Estou un pouco farta que que ao Partido Socialista se lle atribúan cousas como que “se deixa facer”, “vai a votar tal”, “vai a facer tal”, vostede póname exemplos, e o do Cerquido como Concelleira de urbanismo aínda non me pronunciei e despois dígolle unha cousa, para non pintar nada bastante estamos na súa boca compañeiro do Partido Popular.

Sra. Alcaldesa: Esta moción remitínchela a ti, portavoz do Partido Popular, o 20 de outubro as tres da tarde e na mensaxe puña o seguinte: “Boas tardes Santi, trasládoche unha moción que vou a introducir na orde do día do pleno ordinario, trátase da solicitude á Xunta de Galicia da segunda Galiña Azul para o noso Concello sobre un tema tan necesario para a nosa veciñanza gustaríame ter o teu OK e o de toda a Corporación, este é o texto que conta coa aprobación da ANPA de meniños e meniñas de Salceda da Galiña Azul e das portavocías de Movemento Salceda e do PSOE, agardo o voso posicionamento para darlle forma a este texto a moción” non recibín resposta o 21 de outubro volví reiterarche “Santi precisaba saber si

finalmente o Partido Popular de Salceda se une a esta moción” e contestáchesme que “tan pronto o falásedes que mo diríades”. A moción tróuxose á Comisión Informativa do pasado 26, a Comisión celébrase ás 12:45 horas, na Comisión volto ofrecerlle ao Partido Popular a posibilidade de ir de maneira conxunta, porque o meu entender e o de todo o equipo de goberno, é unha demanda de toda a veciñanza, que representa toda esta Corporación e resulta que tamén decides que non, na Comisión o voso voto finalmente é a abstención porque non estades de acordo ca ubicación, que vostedes queren ubicala en Fontán porque o levaban nun programa electoral, esa foi a escusa para non apoiar a proposta deste equipo de goberno, a construción da segunda Galiña Azul tan necesaria para o noso Concello, se ve que para vostedes, para o Partido Popular de Salceda ten maior importancia a ubicación que a lista de agarda que temos. Para o Partido Popular de Salceda debe ter maior importancia a ubicación que o goberno no 2018 presentaron anteproxecto que de alí a uns días presentara un proxecto e ademais ofrecera unha parcela ao Consorcio para que a construción fora inminente. Tampouco deber ter máis importancia que a segunda Galiña Azul permita, entre outras cousas, a conciliación, tan importante para algo que defendemos como é a igualdade ou para protexer a maternidade, algo fundamental, o importante segundo vostedes era a ubicación, unha ubicación que xa foi ofrecida ao Consorcio de Benestar xunto co proxecto como ben explicaba a moción, e serán os seus técnicos quen digan si a ubicación é correcta ou non a é. Por certo, seguimos agardando dende setembro de 2018 a que nos respondan con ese informe, e non quero pensar que non informan porque está todo ok ou non está, pero resulta que sería por en marcha unha maquinaria administrativa e comezar a traballar para conseguir esa segunda Galiña Azul. A miña mensaxe era con toda a transparencia e honestidade ofrecéndolle vir de copiloto en algo que creo que é necesario e vostede preferiu ir a remolque, iso é cousa súa, terá que escoller, esta moción faille escoller, eu xa sei que é difícil, escolla entre defender os intereses dos veciños e veciñas de Salceda dos nenos e nenas de Salceda ou por outra banda defender a postura da Xunta de seguir sen construír a segunda Galiña Azul en Salceda, paso ler os acordos da moción:

- *Instar ao Consorcio Galego de Benestar a construción dunha segunda escola infantil en Salceda de Caselas, nos terreos dispostos na rúa Mártires de Sobredo.*
- *Dar conta do presente acordo á Consellería de Política Social da Xunta de Galicia e ao Consorcio Galego de Benestar.”*

VOTACIÓN: Sometida a votación a moción, esta resulta aprobada por **UNANIMIDADE** dos trece membros presentes a este sesión, adoptándose o seguinte acordo:

Primeiro: Instar ao Consorcio Galego de Benestar a construción dunha segunda escola infantil en Salceda de Caselas, nos terreos dispostos na rúa Mártires de Sobredo.

Segundo: Dar conta do presente acordo á Consellería de Política Social da Xunta de Galicia e ao Consorcio Galego de Benestar.

Expediente 2703/2019. Declaración de especial interese ou utilidade municipal da obra de legalización e ampliación do centro cultural de Soutelo.

Favorable

Tipo de votación: Ordinaria
A favor: 12, En contra: 0,
Abstencións: 1, Ausentes: 0

Sra. Tourón Domínguez: Traemos a bonificación sobre construcións, instalación e obras para, neste caso, a obra recollida no proxecto básico e de execución de legalización e ampliación da edificación existente destinada a centro cultural redactado polo arquitecto Pablo Martínez González. O que traemos aquí é o que trouxemos en máis ocasións, temos a potestade por ordenanza de recoñecer e de declarar por este pleno a bonificación do 95% do ICIO en obras que entendemos debidamente xustificadas, tal como din as normas que declaramos de especial interese ou utilidade municipal por concorrer circunstancias sociais e culturais a obra contemplada neste proxecto, dicir que isto conleva a que na proposta da Xunta de Goberno Local de 16 de outubro asinada pola tesourería municipal da liquidación provisional desta taxa correspondería ter una liquidación provisional de ICIO de 1.430,86€ e se cuantificamos esta bonificación do 95% de 1.359,31€ da devandita obra, o ICIO desa obra pasarían solo a pagarse 71,51€. Entendo que non houbo problema na Comisión Informativa porque non ía na Orde do día e agora esta na Orde do día do Pleno, por parte do Partido Popular nin do resto da Corporación de incluíala como urxente, eu só pido que o Partido Popular teña a ben a veces ternos en conta as urxencias e aceptalas para outras cousas, que entendo que neste caso é procedente, pero tamén proceden moitas outras que o Partido Popular di sistematicamente que non a esas urxencias de introducilas en Comisión. Dicir que estamos de acordo e unha vez máis traemos isto como xa o trouxemos para outros centros culturais e outras asociacións de interese social e cultural e espero que academos a unanimidade.

Sr. Rodríguez Davila: Lamento que non me dera antes a palabra, Sra. Alcaldesa, teño dereito a pedir a palabra, o Regulamento e a lexislación nos amparan para solicitar o uso da palabra para matizar o sentido do voto de calquera grupo, polo tanto vostede debería saber ese regulamento e aplicalo e facer que os concelleiros teñamos dereito a usalo, polo tanto, vou utilizar un pequeno tempo desta intervención para matizalo. Xa sei que vostedes buscaban o titular negativo de algo positivo para Salceda e non foron quen de aceptar a proposta que nos lle plantexamos, este grupo lle demostra

unha vez máis que estamos por encima do que vostedes pretendían, porque este grupo é capaz de deixar a un lado a nosa defensa fehaciente de algo que creemos e poñer enriba da mesa, aínda non compartindo ao 100 % o que se pretendía nesa votación, que era reclamarlle á Xunta a nova Galiña Azul. Mire si é así que ata a vostede se lle subiron os cores porque igual hai que cambiar o titular no día de mañá, que ía a ser negativo, non contando a realidade e terxiversando a información aos veciños para que pensaran que este Grupo ía a estar en contra de reclamarlle á Xunta unha nova Galiña Azul, cando efectivamente é falso o que vostedes pretendían sacar nos medios de comunicación pero non lle damos ese gusto, Sra. Alcadesa, nin a vostede nin os demais membros do goberno, porque vostedes unha vez máis querían impor o seu modelo e nós non, e o exemplo é o que sucedeu na Devesa coa obra, é exactamente o mesmo, nós estabamos a favor da obra pero non como a executaron e o tempo nos da a razón, e seguramente neso igual nos volve da a razón o tempo ou igual no, o importante é que vamos a reclamarlle á Xunta de Galicia unha nova Galiña Azul e a ubicación a decidirá o goberno no seu momento e non se preocupe, que traballaremos para ter esa confianza maioritaria dos veciños para seguramente demandar unha terceira Galiña Azul e a faremos onde estaba previsto.

Lamentamos unha vez máis a incoherencia e o pasotismo do goberno municipal respecto do que traemos hoxe aquí, para unhas si para outras non, en función do informe feito a medida de outros Concellos co titular de Ponte Caldelas e resulta que aquí interpretamos que si hai un beneficio veciñal claro e rotundo e noutros non porque non interesaba a pesares do dano que se lle fixo nese caso á parroquia de Parderrubias en todos os aspectos. Nós unha vez máis apoiamos toda e cada unha das propostas que veñen a este Pleno, como así o fixemos nos últimos anos da bonificación do 95% dese imposto, por certo, algo reclamado insistentemente por este Grupo durante anos o goberno do que formaba parte a actual Alcadesa e que votaban sempre en contra ata que un bo día por aquel entón, o Alcalde tivo a ben traer a pleno esa bonificación do 95% que como digo durante anos e anos reclamamos para as entidades do Concello e colectivos en obras de interese comunitario, veciñal e de utilidade pública, polo tanto por suposto que imos a votar a favor e polo tanto felicitar tamén a Comunidade de Montes Veciñal da parroquia de Soutelo por esa iniciativa, que tamén podemos utilizar todos gracias a que teñen a ben deixarnos utilizar esas infraestruturas cando así o solicitan por parte de diferentes colectivos ou veciños. Creo que son unhas instalacións fantásticas e creo que con ese novo proxecto van a quedar moito mellor do que xa están a día de hoxe.

Sr. Rodríguez Canosa: O voto de Movemento Salceda vai ser positivo a este recoñecemento de especial interese de utilidade municipal e como sempre se fixo cos centros culturais, en todos os centros culturais as obras decláranse de interese público e non outros proxectos que non teñen nada que ver cos centros culturais. Falas de discurso preparado pero a impresión de discurso preparado creo que es ti, que traías o discurso e tiñas que lanzalo. Súmome aos parabéns que dixeches de darlle á Comunidade de Montes de Soutelo ademais creo que está presidida polo

compañeiro da Corporación, Joaquín, por facer obras e por apostar polas parroquias.

Sra. Tourón Domínguez: Só unha apreciación, isto de que unhas veces si e outras no é fundamentado en algo, creo aquí estivemos nesta Corporación eu mesmo estando tanto na oposición coma agora no goberno sempre estivemos de acordo de declarar este tipo de actuacións como de interese xeral, cultural e social, o que está claro é que ao que facía referencia o compañeiro do Partido Popular en que a veces si e a veces non, non podemos comparar unha obra destas condicións que efectivamente son unha instalacións fantásticas tal como dicía, pero non podemos comparar estas obras ao interese que poida dar unha explotación mineira privada, creo que non debemos confundirnos de termos.

Sr. Núñez Troncoso: Solo para aclarar o meu voto que vai ser a abstención, vou facelo para unha maior seguridade xurídica e que como sabe toda a Corporación son representante-Presidente da Comunidade de Montes de Soutelo quen vai ter este beneficio fiscal para afastar calquera tipo de dúbida voume abster neste punto. Aproveitar para agradecer en nome da Comunidade Montes a toda a Corporación que teña a ben conceder este beneficio, esta bonificación.

Sra. Alcaldesa: Dou lectura a moción seguinte:

“Visto o expediente instado pola Comunidade De Montes En Man Común de Soutelo, con CIF núm. V36040400, mediante escrito recibido en data 21.10.2020 (Rex. Núm. [2020-E-RE-1365](#)) relativo á solicitude de bonificación do Imposto sobre Construcións, Instalacións e Obras para a obra recollida no proxecto básico e de execución de legalización e ampliación de edificación existente destinada a centro cultural redactado polo arquitecto Pablo Martínez González, colexiado nº4.523 do COAG, con visado colexial nº1905184 de data 03.10.2019.

Visto que a sinalada obra conta con licenza outorgada por acordo da Xunta de Goberno Local de 16 de outubro de 2020

Visto que a obra ten por obxecto, de acordo coa documentación achegada, ampliar uns espazos por necesidades dos usuarios, ademais de legalizar unha ampliación xa existente no centro cultural situado en Lugar Casal, 5, Parroquia de Soutelo (Salceda de Caselas) considerándose que concorren circunstancias sociais e culturais que xustifican a declaración de especial interese ou utilidade municipal.

Visto o previsto no artigo 103.2.a) do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, aprobado por Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo e na Ordenanza fiscal reguladora do Imposto de Construcións, Instalacións e Obras do Concello de Salceda de Caselas.

Non obstante o disposto no informe de Intervención núm. 2020-0175 de 22 de outubro.

De conformidade co establecido no artigo 175 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, propoño ao Pleno a adopción do seguinte ACORDO:

PRIMEIRO. Que se declare de especial interese ou utilidade municipal por concorrer circunstancias sociais e culturais a obra contemplada no proxecto básico e de execución de legalización e ampliación de edificación existente destinada a centro cultural redactado polo arquitecto Pablo Martínez González, colexiado nº4.523 do COAG, con visado colexial nº1905184 de data 03.10.2019.

SEGUNDO. Recoñecer a bonificación do 95% do Imposto sobre Construcións, Instalacións e Obras, por entender debidamente xustificada a causa do beneficio, en virtude do disposto na Ordenanza fiscal de devandito imposto, amparada no artigo 103.2.a) do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, aprobado por Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo.

TERCEIRO. Notificar esta Resolución ao interesado, con indicación dos recursos que procedan.”

VOTACIÓN: Sometida a votación a proposta, esta resulta aprobada por DOCE votos a favor do/as Concelleiros/as do Grupo Municipal Movemento Salceda (4), dos/as Concelleiros/as do Grupo Municipal PSdeG-PSOE (3) e Partido Popular (5) e unha abstención do Concelleiro Joaquín Núñez Troncoso, adoptándose os seguintes acordos:

PRIMEIRO. Que se declare de especial interese ou utilidade municipal por concorrer circunstancias sociais e culturais a obra contemplada no proxecto básico e de execución de legalización e ampliación de edificación existente destinada a centro cultural redactado polo arquitecto Pablo Martínez González, colexiado nº4.523 do COAG, con visado colexial nº1905184 de data 03.10.2019.

SEGUNDO. Recoñecer a bonificación do 95% do Imposto sobre Construcións, Instalacións e Obras, por entender debidamente xustificada a causa do beneficio, en virtude do disposto na Ordenanza fiscal de devandito imposto, amparada no artigo 103.2.a) do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, aprobado por Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo.

TERCEIRO. Notificar esta Resolución ao interesado, con indicación dos recursos que procedan.

Expediente 1372/2020. Dación de conta das resolucións de subvención outorgadas con cargo ao Plan de Obras e Servizos (Plan Concellos) 2020.

Quedan enterados.

B) ACTIVIDADE DE CONTROL

Dación de conta de decretos dende o núm. 2020-810 de 24 de agosto ata o núm. 2020-1087 de 25 de outubro.

Quedan enterados.

C) ROLDA DE INTERVENCIÓNS LIBRES

ROGOS:

Sr. Rodríguez Davila:

1º) Rogámoslle ao goberno que teña a ben atender aos diferentes e múltiples rogos que este grupo ven presentando nos últimos tempos, incluso anos, porque moitos deles están a día de hoxe sen atender, imos a ter que facer un lista de todos aqueles que reclamamos e vostedes non tiveron a ben.

2º) Rogarlle a este goberno que teña a ben respectar no sentido da palabra o traballo feito polos traballadores deste Concello, concretamente, o traballo feito polo departamento de servizos sociais para despois ese mesmo traballo darllo a unha empresa privada para dilapidar 5.200€ como se dixo hoxe aquí, que ben lle iría a ese servizo de atención as persoas. Polo tanto rogamos ao goberno a que teña a ben atender e respectar o traballo dos traballadores deste Concello.

Sra. Alcaldesa: Recoilo este rogo igual que o outro, ademais creo que por este equipo de goberno sempre se agradece o traballo de todos os técnicos e técnicas de todos os departamentos.

3º) Rogamos a este Goberno que paguen en tempo e forma ás empresas que están a día de hoxe a espera de que as súas facturas sexan abonadas e especialmente, xa que hoxe saíu a debate, a empresa que presta ao servizo de axuda no fogar, que leva meses e meses esperando a cobrar as súas facturas aínda que vostedes si que reciben as transferencias da Xunta de Galicia para atender ese servizo.



4º) Rogamos que vostedes atendan e poñan os recursos que lle corresponde como administración para que as horas de atención do servizo de axuda no fogar aos nosos veciños sexan complementadas por este Concello, para así poder prestar as mesmas e non botar balóns fora como o fixo a Sra. Alcaldesa no día de hoxe, vostedes teñen horas a disposición o que pasa e que non teñen os euros, que é o que lle corresponde como administración pública e logo lle din aos veciños que non hai horas, falso, por iso lle rogo que atendan e poñan os recursos para que os nosos veciños sexan atendidos como se merecen, porque as horas si as hai.

Sra. Alcaldesa: En canto ao prezo das horas da Xunta e do Concello creo que xa o aclarei no punto que conviña.

Sra. Pérez Cabaleiro: A finais do pasado mes de xuño o centro de saúde iniciou a súa actividade a pleno rendemento, esta nova infraestrutura sanitaria situada na R/ Mártires de Sobredo carece dun paso de peóns nas súas inmediacións, o cal é necesario para a seguridade dos viandantes para cruzar dun lado a outro da estrada, polo que rogo que se instale un paso de peóns nas inmediacións do novo centro médico situado na R/. Mártires de Sobredo para a seguridade dos viandantes.

Sra. Alcaldesa: Recollido e tomamos nota.

Sra. Pérez Domínguez: Solicitamos que se teña a ben asfaltar a estrada municipal que sube a San Cibrán, dende o barrio de Loureiro na Picoña, o de pasar varias veces os tramos de diferentes rallys pola zona a estrada vese bastante deteriorada e onde están as casas e ademais onde está a última marquesiña, onde da a volta o bus, non ten espazo e ten que xirar sobre si mesmo e está moi deteriorada, non se levan feito obras de mellora, rogamus que se mellore ese tramo final da estrada que sube dende o barrio de Loureiro ata San Cibrán.

PREGUNTAS:

Sr. Núñez Troncoso: En relación á biblioteca, cal é o protocolo, o procedemento que se sigue para o uso da biblioteca? Refírome a sala de estudos e de informática.

Sr. Rodríguez Canosa: A biblioteca foi un dos primeiros edificios municipais en reabrir e un dos primeiros en contar cun protocolo propio e na sala de estudo non está habendo unha demanda moi grande de xente, temos separados os sitios da aula de abaixo para que haxa unha distancia de seguridade, arriba igual, puxéronse as mesas separadas para que haxa unha distancia de seguridade e o protocolo é que un usuario que utilice un espazo, ese espazo non se pode utilizar por outro usuario ata que se desinfecte. Polo de agora como non estamos tendo unha demanda moi elevada o que se fai é que se marca ese espazo e non se utiliza ata o día seguinte, no momento en que aumente a demanda, e isto xa está falado cos empregados municipais que alí

traballan, coa bibliotecaria e co encargado da OMIX, haberá que tomar outras medidas. No momento que haxa máis demanda e sexa xa preciso que dúas persoas ocupen o mesmo posto ao longo do día haberá que desinfectar polo medio ou haberá que velo, como non chegou o memento polo de agora non é un problema.

Sr. Núñez Troncoso: Queriamos saber cantos anos se levan cedendo o camión do lixo o Nissan, neste caso ao Concello das Neves? Porque temos entendido que xa se prestaba antes do convenio do 2018.

Sr. González Coto: Boas noites a todos e todas e os veciños de Salceda. Eu evidentemente non estaba daquela pero o documento aquí firmado con eles por primeira vez é do 29 febreiro de 2018.

Sr. Núñez Troncoso: O propio convenio recolle que todos os gastos que derive ese camión, chámese seguro, chámese ITV, chámese reparacións, se van a asumir ao 50% entre os dous concellos e será o Concello de Salceda quen liquide ese 50% ao Concello das Neves. Nós vendo a conta neste caso se collemos como referencia o convenio vemos que non hai ningún ingreso na conta dos maiores nin no 2018 nin no 2019, como se lle está liquidando ese 50% ao Concello das Neves?

Sra. Pereira González: De momento non se lle liquidou, a idea era facelo ao final, no momento que rematará a cesión.

Sr. Núñez Troncoso: Cal é o motivo de que non se lle estea liquidando ao Concello das Neves a metade deste gasto que máis ou menos son 10.000€ que habería que liquidarlle.

Sra. Alcaldesa: Esa pregunta xa lla respondeu a compañeira Lucía, e se liquidará unha vez finalizada a cesión, tal como acordamos co Concello das Neves.

Sr. Nuñez Troncoso: Hai varios decretos de “Execución subsidiaria da xestión de biomasa vexetal” se estima que os traballos, en este en concreto en 2057€, que ordenanza fiscal avala esta estimación que se fai? En base a que ordenanza se está liquidando esto?

Sra. Tourón Domínguez: Non hai ningunha ordenanza, o que si hai é un informe técnico do asesor xurídico que avalan a facelo así, e de acordo co que di o texto que se lle envía a xente está regulado por Lei, está totalmente explicado nas cartas que se lle envían a xente para a xestión da biomasa, por certo moi demanda polo Partido Popular estando na oposición de que nunca se executaban estas operacións, de mandar limpar e que nunca se tiña en conta a necesidade esa de limpeza, co cal que estableceu un procedemento e é o que se estaba levando a cabo.

Sr. Núñez Troncoso: Vostede sabe que si hai unha liquidación do Concello ten que

haber unha ordenanza que a ampare.

Sr. Núñez Troncoso: Respecto ao anexo de inversión que fixo a aprobación definitiva fai quince días a Sra. Concelleira de área de urbanismo neste caso, dixo aquí en pleno que os proxecto ían a vir a este pleno, estamos acabando o ano. Cando van vir os proxectos a Pleno?

Sra. Tourón Domínguez: Eu o que dixen e que todos os proxectos pasaban por pleno, e así é, porque de feito o acordamos no pleno de organización, que ademais foi a petición vosa e aceptamos, e chegamos acordos nese momento, e se están traendo eu non dixen que os ía a traer a este pleno, dixen que se están traendo e que se seguiran traendo todos os proxectos a pleno.

Sra. Válcarcel Bernárdez: Boas noites a todos, sabemos que están facendo desinfección no mobiliario público, nos parques infantís, nos biosaudables, nas marquesiñas, pero queremos saber si se van facer desinfeccións nos viais públicos de todo o centro e en zonas públicas, como na praza, na praza da Devesa?

Sra. Alcaldesa: Están a facerse como ben dis en todo o inmobiliario, nos parques infantís con máis uso, ás parroquias tamén se está indo, evidentemente non coa mesma periodicidade, as rúas se limparon, e se volveran a facer en breve, ademais se limpan diariamente, non solo polos camións que pasan a facer as desinfeccións senón tamén polo equipo do Concello.

Sr. González Souto: Boas noites, en que estado se atopa o proxecto de modificación puntual do Cerquido?

Sra. Tourón Domínguez: Tal como mencionou antes o portavoz do Partido Popular que dicía que Alcaldesa dixera que non había nada que mostrar, o que estamos facendo neste momento é pedimos asesoramento ao Consorcio da Zona Franca de Vigo, sobre as alternativas a coller e estamos esperando os seus informes que serán estes días e criamos que deberiamos buscar financiación e asesoramento e a este fin entendemos que foi a visita do delegado ao Concello de Salceda.

DOCUMENTO ASINADO ELECTRONICAMENTE